

Guitiriz, Friol, Meira e Muras contan xa cos orzamentos listos para este ano

Co cambio de ano e aproveitando o tempo de ralentización da vida política pola situación sanitaria, moitos concellos optaron por preparar e mesmo aprobar os seus orzamentos. É o caso de Guitiriz, que xa pasou polo Pleno, e que ascende a 4,2 millóns de euros. Pola súa banda, Friol terá un montante total de 4,1 millóns de euros, os máis altos da súa historia, segundo di o seu alcalde. Tamén rematou o ano Muras coa aprobación do reparto de cartos, neste caso ascende a 1,2 millóns de euros. Algo máis elevado é o de Meira, con preto dos dous millóns de euros.

Chega a vacina da esperanza

Comeza a vacinación contra a covid nos centros de maiores coa Pastoriza en alerta por un gromo na residencia de Bretoña e Vilalba con restricións

Rexurde a esperanza entre os veciños da Terra Chá, ao igual que no resto do mundo, para que a vacina contra o coronavirus logre frear a expansión desta pandemia mundial que está a causar estragos non só no ámbito sanitario e económico, senón en todos os demais aspectos da vida diaria. Polo de pronto, a primeira dose da vacina xa foi posta aos maiores e aos seus cuidadores nas residencias malia que na Pastoriza detectouse un gromo que fixo subir o número de contaxios por riba do medio cento. Controlada a situación en Xermade, agora queda Vilalba por baixar a súa cifra de contaxios. **Pax. 22**



vilalba. Os vilalbeses aforraron 82.000 euros en taxas. **Pax. 5**

friol. A Xunta licitará as obras da estrada a Palas este trimestre. **Pax. 8**

abadín. Instalan novos contedores de lixo nas parroquias. **Pax. 10**

muras. Os veciños felicitan o ano cun vídeo que se fai viral. **Pax. 14**

riotorto. O Plan Básico Municipal conclúe o trámite ambiental. **Pax. 17**

rábade. Sanidade pode sancionar ao Concello polo estado da traída. **Pax. 18**

castro de rei. O Concello contará cun punto limpo móbil. **Pax. 20**

Volven as protestas en Endesa



Os traballadores pecháronse e cortaron a estrada. **Pax. 7**

Cacerolada en Baamonde



Seguen as protestas contra a fusión dos colexios. **Pax. 11**

Danos na Casa da Botica polo vento



Desprendeuse un lateral da fachada. **Pax. 12**

A Deputación aproba as bases do Plan Único do 2021

O Goberno da Deputación de Lugo sacou adiante as bases do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 no pleno da Corporación. Entre as novidades para este exercicio está a aprobación destas bases no ano

anterior, a subida da dotación ata os 21,5 millóns de euros, a posibilidade de imputar gastos de contratación de persoal desde principios de ano e a apertura dunha nova vía de apoio ao sector servizos. **Pax. 21**

Depende da
OCASIÓN,
TI DECIDES

Coas túas **GAFAS**
LENTES DE CONTACTO
de agasallo

☎ 982 510 100 📞 604 032 092



NOVALUX
óptica & centro auditivo

T 91 400011 | F 91 400011

Os premios aos mellores queixos e meles chairegos

A Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal) fixo a entrega de premios da XXIII cata dos queixos e da XIX cata dos meles de Galicia, onde destacou o prestixio da gastronomía galega en xeral e da comarca chairega en particular.

Participaron 29 industrias queixei-ras e 25 industrias de mel cun total de 86 mostras, 7 delas pertencentes á DOP San Simón da Costa.

Os paneis de cata estiveron formados por profesionais experimentados vencellados ao ámbito da gastronomía, da hostalería, da comunicación e do sector agroalimentario. Eles foron os encargados de analizar totalmente a cegas e de forma minuciosa as mostras, para pasar a seleccionar as marcas gañadoras que foron reveladas.

Nesta categoría de San Simón, o ouro foi para Don Gabino, a prata para Don Crisanto e o bronce correpondeu a Daniberto, que tamén obtivo outro bronce na categoría de queixo de tetilla.

SERRA DA CARBA. Por outra banda, a Asociación de apicultura Serra da Carba, vén de outorgar o primeiro premio do seu concurso anual a Iván Díaz, responsable da queixería Don Gabino e presidente desta mesma asociación de apicultura e que logra esta distinción por segundo ano consecutivo.

Este ano presentáronse 9 meles á cata, entre os que destacaron dous, o finalista de Dulce Barro e o primeiro premio de Iván Díaz.

O Concello de Vilalba remata a enquisa do Plan de Mobilidade

O Concello de Vilalba avanza no seu Estudo de Mobilidade e Espazo Público (EME) e xa ten os resultados da enquisa na que as veciñas e veciños piden sobre todo mellorar a accesibilidade para persoas con mobilidade reducida e maiores; a creación de novos aparcadoiros na contorna da vila, e mellorar e completar a rede peonil, as beirarrúas e os camiños.

Na enquisa, a veciñanza tamén inclúe entre as súas demandas cambios no transporte público, limitar a circulación polo centro de tráfico pesado, a peonalización de determi-

nadas rúas, carrís bicis e zonas 30 de velocidade reducida.

Ademais das enquisas, realizáronse traballos de medición de fluxos rodados e peóns en sábados e días laborables, ademais dun achegamento específico ás dinámicas de mobilidade xeradas polo conxunto de centros de ensino e equipamentos en torno a rúa Cuart de Poblet, que provocan algúns dos principais fluxos de tráfico.

Por último, o concello fixo entrevistas con axentes para complementar a diagnose técnica.

Abre un novo espazo de lecer e descanso na praza do Cruceiro

Os veciños e veciñas de Vilalba contan cun novo espazo para o lecer e o descanso na praza do Cruceiro, ao rematar o concello os traballos dunha actuación incluída no proxecto para a reforma e humanización integral das rúas Calvario e dos Pepes. Neste espazo, ata o de agora utilizado en moitas ocasións para o estacionamento de vehículos, poderán agora xogar os nenos e nenas ou descansar os veciños que así o desexen nos bancos instalados.

O proxecto integral de reforma das rúas Calvario e dos Pepes inclúe actuacións no abastecemento, o alumeadado, o pavimento ou mobiliario urbano. A zona terá amplos espazos de preferencia peonil e unha nova rede de abastecemento de auga, cambiando as canalizacións, as acometidas das vivendas e as bocas de rego e incendios.

Renovarase tamén a rede de alumeadado e na rúa dos Pepes o Concello aposta por luminarias ornamentais cun elevado valor estético. Toda a contorna contará con bancos de descanso, papeleiras, sinalización e alcorques.

Por último, a actuación inclúe un novo pavimento para as dúas rúas, que no caso dos Pepes será de adoquín. "Unha reforma integral que humanizará a zona, dándolle protagonismo as persoas e renovando todos os servizos", afirma Luis Fernández, concelleiro de Infraestruturas.

CASCAMAÑO. O Concello de Vilalba informou do remate das obras para a renovación e pavimentación do vial de acceso ao núcleo de Cas-



Arriba, o acceso a Cascamaño e, abaixo, a praza do Cruceiro

amaño, na parroquia de Codesido. Os traballos, cun orzamento de 21.000 euros, forman parte do plan integral de mantemento e renovación de viais e camiños nas parroquias de Vilalba, posto en marcha polo actual grupo de goberno no concello.

A actuación foi na estrada de acceso ao núcleo de Cascamaño, cun percorrido de 820 metros e un ancho de tres metros. A superficie anterior

de rodadura estaba afirmada con zahorra e sen pavimentar, o que provocaba dificultade para circular, xa que ademais a vía é o único acceso rodado ás vivendas da zona.

"Con estas obras damos resposta ás demandas veciñais, que pedían unha maior seguridade viaria na parroquia e estaban case incomunicados desde hai case 20 anos", explica Luis Fernández, concelleiro de Infraestruturas de Vilalba.

Este Nadal ti elixes o agasallo!



Xiaomi Redmi 9A

FIBRA FAST!
1.000 Mb

44€/mes

Prezo final. IVE e cota de liña incl.

MÓBIL ILIMITADO
23 GB

Ou se o prefires...
AFORRA 100€ NO TEU PAQUETE!



Fibra 1.000 Mb



Móbil 23 GB

10 €/mes
durante 3 meses
(despois 44€)



adamo
Fibra · Móbil · Fixo



Chama xa
GRATIS ao
900 651 679

Hostaleiros e Concello traballan nun acordo para impulsar o sector

O Concello de Vilalba mantivo unha reunión con representantes do sector da hostalaría e a restauración da Asociación de Empresarios Sete Pontes para escoitar as súas demandas e consensuar medidas de cara ao inverno.

Na reunión, o Concello confirmoulles que amplía o período no que as terrazas de hostalaría do municipio poden dispoñer de máis espazo na vía pública para aumentar a súa capacidade.

O prazo remataba o 31 de decembro pero o concello concretou cos representantes do sector a ampliación do mesmo, co obxectivo de axudar aos establecementos de hostalaría, moi perxudicados pola pandemia do coronavirus.

Ademais, ambas partes coincidiron na necesidade de traballar unidos para impulsar novas medidas de axuda a un sector moi danado pola crise sanitaria e económica.

En concreto, estudan as posibilidades de adaptación das terrazas



Reunión dos hostaleiros co Concello de Vilalba

durante os meses de inverno para continuar cos espazos exteriores nos locais a pesares dos condicionantes meteorolóxicos.

Na xuntanza, tamén se falou das distintas posibilidades para a redacción das bases de novas liñas de axudas.

“Temos que facer todo o posible para axudar ao sector, a hostalaría é un pilar da economía local e

a reunión foi moi positiva, analizando medidas e como podemos colaborar desde o concello”, asegura Rodrigo Pavón, tenente de alcalde e concelleiro de Espazos Cidadáns, Relación coa Veciñanza e Servizos.

Durante o ano 2021 seguirá por outra parte vixente a suspensión da taxa que pagan os locais de Vilalba polas terrazas.

11.000 bonos no Reactiva Vilalba

O Concello de Vilalba fixo un balance moi satisfactorio da campaña #ReActivaVilalba, posta en marcha para incentivar o consumo no comercio local a través de bonos de 30 euros para os veciños e veciñas. En total, validáronse 11.213 bonos de compra e 135 establecementos e profesionais adheríronse á campaña, dos que o 72% pertencían ao comercio por miúdo (roupa, calzado ou menaxe), o 23% eran locais de alimentación e o 5% a outros sectores.

O Concello calcula unhas vendas

por valor de máis de 650.000 euros durante o período que durou a campaña, segundo as estimacións realizadas a partir das facturas presentadas.

“Estamos satisfeitos coa campaña, a resposta foi boa e incentivouse o consumo antes da tempada de Nadal, algo que o sector necesitaba”, asegurou a concelleira de Comercio, Marta Rouco, que presentou esta tarde os resultados da campaña nunha rolda de prensa xunto á alcaldesa de Vilalba, Elba Veleiro, e concelleiro de Facenda, Luis Fer-

nández.

O concello rematará a semana que vén o pago dos abonos aos establecementos comerciais, por valor de 336.331,49 euros, e estudará no 2021 novas medidas de apoio ao sector.

“A campaña tivo un elevado impacto económico; tendo en conta a situación actual de crise producida pola actual pandemia do Covid-19, dende o equipo de goberno quixemos axudar aos sectores máis danados pola situación”, engadiu a alcaldesa de Vilalba.

Carapuchiña Vermella gaña o concurso de escaparates

O Concello de Vilalba xa entregou os premios da segunda edición do seu concurso de escaparates de Nadal, destacando a calidade de todos os establecementos participantes.

O primeiro, dotado con 600 euros, foi para Carapuchiña Vermella; o segundo, de 400 euros, para Pastelería Ben; e o terceiro, de 200 euros, para Pinturas A. Rouco. O premio especial polas votacións das redes sociais foi para Pastelería Ben (100 euros).

As persoas que formaron parte do xurado deste concurso, baixo a presidencia da alcaldesa, Elba Veleiro, foron Manuel Silvos Piñeiro, en representación da Asociación de Empresarios Sete Pontes; Marisa Barreiro Mejuto, presidenta do



lescha; M^{re} Belén Varela Leal, directora do Centro Ocupacional de Vilalba Terra Chá; Carmen Hermida Cendán, locutora de radio en Cope Lugo, e Ana Belén García González, representante de Santa Compañía Producións SL.

Sete Pontes prorroga ata febreiro a campaña do comercio

A Campaña Merca e Gaña posta en marcha en Vilalba pola asociación de comerciantes Sete Pontes viuse perxudicada polas restricións que está a ter no sector da hostalaría.

Por este motivo a Asociación de Empresarios tomou a decisión de ampliar a Campaña un mes máis, ata o 5 de febreiro, esperando que neste período mellore a situación e a hostalaría poida ampliar horarios. O eixo da campaña é o sorteo de 2.000 euros entre catro consumidores agraciados, que recibirán 500 euros cada un que deberán gastar nos establecementos participantes.

Para poder participar, só é necesario facer algunha compra ou consumo nos establecementos adheridos a Sete Pontes. En cada negocio hai un



papel co listado de empresas que o consumidor debe selar segundo naqueles nos que faga as compras. Para rexistrar as compras non fai falta un importe mínimo.



DI ADIÓS AL FRÍO Y AL RUIDO...
Y disfruta de tu hogar



con sistemas de ventanas KÖMMERLING



info@allplassistemas.es
982 209 505



EN BREVE

HOMENAXE. A homenaxe a José Antonio Varela Veiga, primeiro director do Ceip Insua Bermúdez de Vilalba e previsto para o mes de decembro, tivo que ser aprazada por motivos sanitarios. Esta iniciativa logrou xuntar 1.647 euros cos que se colocou no patio un monolito na súa honra, elaborado polo artesán chairego Marcos Ladra.

ESCOLA MOVEMENTO. A escola de baile Movemento de Vilalba organiza a primeira edición do Concurso Movemento, co fin de motivar aos integrantes da escola e non caer no desánimo ante estes tempos difíciles. O concurso realizarase internamente, e tamén en formato en liña, dende o 1 ao 4 de abril de 2021. Abriranse sete modalidades: ballet, lírico, contemporáneo, jazz, acro, hiphop e carácter. A súa vez, tamén se competirá en catro categorías diferentes en función da idade. Farán de xurado dous profesores profesionais, Clara de Madrid, examinadora oficial dos niveis de danza, e o coreógrafo italiano Alexio. Para todos os concursantes haberá agasallo e os tres primeiros postos de cada categoría levaranse medallas e diploma. O prazo de inscrición para participar pecharase o vindeiro 31 de xaneiro.

VILAPEDRE. O xurado composto pola directiva da Asociación de Veciños de Vilapedre fixo público o resultado do concurso de decoración de nadal e que se realizou a través das súas redes sociais. Nun primeiro momento decidiu por unanimidade puntuar cun 10 a todos os participantes. O gañador do concurso foi Casa Alfonso, que recibiu 478 votos e 25 puntos. O segundo lugar foi para Casa Pedriñas, con 422 votos e 20 puntos. A continuación foron clasificados Casa Divino, con 75 votos e 15 puntos; Casa Edelmira, con 66 votos e 10 puntos e Casa Nidito, con 40 votos e 5 puntos.

Sandra Vázquez presenta aos novos membros da xestora do Partido Popular

A presidenta da xestora do Partido Popular de Vilalba, Sandra Vázquez, presentou o equipo que a acompañará neste órgano para recuperar a alcaldía. Sandra Vázquez explicou así que se trata dun grupo de 10 persoas “amplamente renovado”, destacando por ser moi coñecidas no municipio, debido á súa actividade e perfil profesional. Neste senso, inclúense empresarios, traballadores do sector servizos, sanitario, educación ou deportivo. Ademais, residen en parroquias moi representativas do municipio vilalbés.

A dirixente do novo órgano manifestou que se trata dunha xestora “aberta”, polo que non descarta no-

vas incorporacións nos vindeiros meses. “Son un equipo comprometido e con gañas de traballar para que o PP volva a gobernar en Vilalba. Agradezo que desen este paso adiante e o seu compromiso para seguir sumando e devolver o prestixio que tiñamos como Concello e sociedade antes da chegada dos socialistas ao goberno”, afirmou.

Con Sandra Vázquez, conforman a xestora, José Franco Criado, Agustina Fernández Pérez, José Manuel López Barrio, María Flor Rey Martínez, José María García-Leira Boado, Inmaculada Ramudo Rodríguez, José Manuel Seoane Pernas, Fany González López, e Carlos Rivas Cordal.

O PP “suspende” ao Goberno na súa xestión da feira do capón

O ex alcalde de Vilalba e voceiro local do Partido Popular, Agustín Baamonde, censurou ao equipo de Goberno ao que acusou de abandono total da feira do capón “xa que tiveron que ser os propios produtores os que sacaran para adiante o produto. Foise librando polo esforzo dos criadores e porque é un sistema acreditado e consolidado, pero o Goberno estivo desaparecido nesta xestión”.

Considera o ex alcalde que a feira podería terse celebrado coas limitacións que conleva a pandemia. “Se fixo a feira de decembro e a de xaneiro ademais da cabalgata de Reis non hai razón para non tela feito, aínda que con limitación. Aproveitábase o impacto visual porque este ano o capón pasou desapercibido”.

Agustín Baamonde acusou á concelleira de feiras de ineptitude ao producirse “problemas coas caixas e

coas identificacións. Non se encargaron as deste ano, houbo que improvisar. Os produtores non sabían que facer ata o último minuto”. Afeou tamén a aptitude posta en marcha “xa que o único que fixo foi habilitar liñas de contacto entre os produtores e os clientes, pero había que telo suplido cunha campaña de comunicación potentísima, darlle publicidade a través dos medios”, dixo.

ABANDONO DO RURAL. Baamonde acusa ao equipo de Goberno de “abandono do rural”. Asegura que todas as actuacións que desenvolve, “poucas”, se concentran unicamente no urbano. “Non se está a realizar ningunha actuación salientable e son moitas as que hai que facer, algunhas urxentes, como a de mellorar as comunicacións, terrestres, camiños ou levar a fibra óptica”.



Vilalba Aberta urxe a limpeza dos solares particulares

Vilalba Aberta vén de rexistrar unha nova solicitude, a fin de instar ao equipo de goberno “a cumprir coa súa responsabilidade diante dos propietarios de solares sen limpar”. Unha iniciativa, que en palabras do voceiro da formación, Modesto Renda, pretende “deixar atrás a inacción municipal respecto á multitude de solares urbanos, cuxos donos os manteñen en condicións

de absoluto abandono, causando problemas non só de convivencia para os seus veciños senón mesmo de salubridade para o resto da comunidade.” Chamou a seguir o exemplo daqueles concellos que “si están a cumprir”, facendo referencia ao caso do de Lugo onde, “ou limpas o solar ou o Concello vaicho limpar e vaicho cobrar. E ao final valo a ter que pagar”.

PROMEDISA
SUMINISTROS MÉDICOS

AYUDAS TÉCNICAS • ORTOPEEDIA

tienda@promedisa.com

@PromedisaLugo

Promedisa Ortopedia

- AYUDAS PARA LA VIDA DIARIA
- DESCANSO
- ASEO DIARIO
- MOVILIDAD
- GRÚAS
- EMERGENCIAS
- DIAGNÓSTICO

COMPRA
ONLINE

www.promedisa.com

AVENIDA DE LA CORUÑA, 104 BAJO - LUGO T. 982 245 715
AVDA. TERRA CHÁ, 50 BAJO - CASTRO RIBERAS DE LEA T. 982 310 374

O Concello di que os vilalbeses aforraron en taxas 82.000 euros

A Concellaría de Facenda do Concello de Vilalba modificou na primavera sete ordenanzas fiscais para reducir ou suprimir o cobro de taxas e tributos en beneficio de particulares e empresarios, unha medida aprobada para paliar as consecuencias da covid-19.

No segundo semestre do ano, estas rebaixas supuxeron un aforro total de 82.170 euros para os vilalbeses, que puideron destinar estes cartos a outras necesidades.

En concreto, as exencións da Concellaría da Facenda provocaron un aforro nas obras menores de 17.820 euros (cada veciño aforrou 140 euros), aos que hai que engadir 9.900 euros nas comunicacións previas (se pagaba 50 euros por cada unha e houbo 198).

Polo que respecta ás obras maiores, o aforro foi de 41.000 euros (41 obras nas que se pago usó o 1%), aos que hai que engadir 6.150 euros das comunicacións previas (150 euros por cada unha das 41 obras). Cada veciño aforrou 1.150 euros.

Nas licencias de cambio de titular ou de novas actividades, houbo 17 solicitudes, cun aforro de 300 euros en cada unha (5.100 euros en total), e solicitáronse 44 ocupacións de vías



(50 euros de aforro en cada unha, 2.200 euros en total).

Hai que lembrar que o concello modificou a ordenanza sobre construcións, instalacións, obras e licenzas de primeira ocupación, de xeito que nas obras menores non se cobra o 2% sobre o orzamento, e nas obras maiores pasa do 2% ao 1%.

No que atinxe á ordenanza número 6 do municipio, sobre a apertura de establecementos, suspendeuse o cobro desta licenza que supoñía como mínimo 300 euros, así como o cambio de titularidade. Tamén se suprimiu a taxa por expedición de documentos administrativos na expedición de licenzas urbanísticas recollida na ordenanza número 8,

aforrado de 50 a 150 euros segundo o tipo de obra.

Non se cobran tampouco as taxas por ocupación de vía pública con mercadorías, valos, andamios e outras instalacións análogas. Por outra banda, cancelouse o cobro da tarifa básica para a nova implantación de actividades administrativas de inspección, control e verificación de actividades en réxime de declaración responsable, cun mínimo de 200 euros, nin as modificacións de licenzas. Por último, realizouse unha modificación sobre o incremento dos terreos de natureza urbana (plusvalía), bonificando o 95% na transmisión de vivenda habitual e dos locais afectos a actividade económica exercida, por mortis causa a favor de descendentes, ascendentes e do cónxuxe. No caso dos locais, tense que manter a actividade durante un período de cinco anos. Tamén se bonificou nun 95% a cota íntegra do imposto nas transmisións de terreos naquelas actividades económicas que sexan declaradas de especial interese (tendo que ser aprobada a declaración polo pleno).

Todas estas bonificacións manteranse como mínimo durante todo o ano 2021 para reactivar a actividade.

Adjudican catro proxectos por máis de 320.000 euros

O Concello adjudicou catro proxectos -dous para o casco urbano e dous para as parroquias- que se acometerán nas vindeiras semanas. Os contratos asinados acadan un valor de máis de 320.000 euros.

O proxecto que conta cun maior orzamento é o da humanización e mellora da intersección das rúas Pedreiras, Porta da Cima e Pita de Veiga, adjudicado por 108.000 euros. Tamén no casco urbano procederase á renovación da rede de abastece-

mento de agua na rúa José María Chao Ledo, onde se aproveitará para mellorar o pavimento, o alumeadado e as beirarrúas. Este proxecto foi adjudicado en case 60.300 euros.

No tocante ás parroquias o Concello adjudicou as actuacións para o acondicionamento dos accesos en Sancovade e Oleiros e para a mellora dos accesos ao barrio da Frouxeira dende a carretera LU-120 (Vilalba-Paraxes) por 71.500 euros e 80.500 euros, respectivamente.



CARPA. O Concello de Vilalba xa instalou unha carpa diante do Centro de Saúde, onde os veciños e veciñas poden resgardarse do frío e da choiva mentres agardan a súa cita para revisións, analíticas, probas ou mesmo o sintrom. Esta instalación temporal foi colocada polo Concello "ante as múltiples queixas e a inacción da Xunta para dar resposta".

www.hijosderamonrubalsl.es
alfoz@hijosderamonrubalsl.es

982 55 86 00

DPTO. FORESTAL 665 69 72 99 - 671 72 22 42

MÁS DE 80 AÑOS COMPRANDO MADERA

**COMPRAMOS
MADERA**

PINO Y EUCALIPTO

**VENDA SU MADERA SIN SALIR DE CASA
LLÁMENOS NOSOTROS NOS ENCARGAMOS DE TODO**

HR
*Hijos de
Ramón Rubal*

ASERRADERO Y EXPLOTACIÓN FORESTAL

María José Llergo actúa o 23 de xaneiro no Alovi

O Auditorio Alovi das Pontes recibe a María José Llergo o día 23 de xaneiro ás 20.00 horas, que cun envoltorio pouco ortodoxo, presenta ao flamenco cambiándoo de vestido e dunha forma salvaxe.

Despois de escoitar o seu primeiro tema *Niña de las Dunas* queda claro que María José Llergo chegou para remover coa súa música. Este tema presentación é unha 100% María José Llergo, tanto pola súa forma, xa que foi totalmente *do it yourself*, como polo fondo, contándonos o mundo a través dos seus ollos, facéndonos visibles as invisibilidades dalgúns colectivos sociais.

Despois duns cuantos singles máis chegou o seu primeiro álbum *Sanación* (2020). Sete temas onde reflicte o seu proceso de curación emocional, unha homenaxe máis, tamén nos detalles sonoros, ás súas orixes. Voz en primeiro plano flotando sobre un flamenco mátrico e de electrónica atmosférica.

As entradas teñen un prezo de 5€ e xa están á venda en www.ticketentradas.com, no teléfono 902 750 754 e no despacho de billetes do auditorio o mesmo sábado.

Rematan as obras da circunvalación, da senda peonil paralela e da AG-64

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade rematou as obras de construción da nova circunvalación, que se ve complementada cunha rede de sendas peonís e ciclistas en paralelo á nova vía e ao río Eume.

As actuacións permiten dispor dunha nova vía de acceso ao núcleo das Pontes, que serve de alternativa á AC-861, ten 985 metros de lonxitude e comunica a AC-101 coa rúa alcalde Vilaboy Pajón.

Os traballos consistiron na construción dunha nova vía de acceso ao núcleo, que funciona como circunvalación, separando a área industrial da residencial e mantendo a conexión coa AG-64.

Ademais, executáronse 3 glorietas, unha en cada extremo, e outra intermedia como intersección coa rúa Areosa e a que dá acceso á fábrica. Tamén se reordenou a intersección existente coa AC-101.

A actuación complementouse cunha rede de sendas de máis de 2,4 km de lonxitude para facilitar a mobilidade peonil e ciclista. Estes itinerarios desenvólvense en paralelo á nova vía e ao río Eume, conectando

coas instalacións industriais.

A intervención incluíu, ademais, un aparcadoiro disuasorio no entorno da Casa da Enerxía, na avenida Alcalde Vilaboy, así como a remodelación do tramo inicial das rúas Areosa e Irmáns Tojeiro. Complétanse así os traballos de reordenación e mellora da mobilidade nesta contorna, que xa permitiron normalizar o pasado 21 de setembro o tráfico.

AG. 64. A Consellería de Infraestruturas e Movilidad rematou as obras de execución dunha nova cuneta de seguridade na autovía Ferrol-Vilalba.

Esta intervención, que supuxo un investimento de máis de 583.000 euros, centrouse no treito comprendido entre os puntos quilométricos 35+300 e 36+700 da autovía, mellorando a contorna, a situación ambiental e a seguridade viaria.

Os traballos consistiron na substitución da actual cuneta, para a disposición dunha nova tendida de acordo co concepto de estradas que perdoan, alcanzando o obxectivo de mellorar a seguridade viaria.



Arriba, a estrada tralas obras e, abaixo, a senda peonil paralela

Adxudican o servizo da Barosa e licitan o de atención temperá

O Concello das Pontes adxudicou o servizo da escola infantil municipal A Barosa á empresa local de educación, Vienco Galicia SL, responsable da xestión do servizo desde o ano 2001.

O contrato, cunha duración de dous cursos escolares, prorrogables outros dous, comprende a atención educativo-asistencial a nenas e nenos de ata 3 anos e inclúe os servizos docentes e de cuidados asistenciais, o servizo de comedor, a limpeza, reparacións, mantemento e conservación dos espazos interiores e exteriores do inmoble e dos accesos ao mesmo así como a xestión e a administración do centro.

A escola que na actualidade conta con 87 prazas distribuídas en seis unidades e 60 prazas de comedor permanecerá aberta, de luns a ven-

res, durante os doce meses do ano, de 08:00 horas da mañá ata as 20:00 horas da tarde, en horario ininterrompido, e con servizo de comedor diario, excepto os días festivos.

TEMPERÁ. O Concello licitou, por segundo ano consecutivo, o servizo de atención temperá co obxectivo de prestar atención individualizada a menores de 6 anos que presenten trastornos no desenvolvemento ou teñan risco de padecelos para facilitar, deste xeito, o desenvolvemento da súa autonomía persoal e a inclusión social.

O contrato, cun orzamento de licitación de 57.000 euros, inclúe os servizos de logopedia, terapia ocupacional e psicoloxía que se prestarán 4 días á semana, por un total de 15 horas semanais cada un dos servizos.

Abre unha nova liña de axudas a hostaleiros e autónomos

O Concello das Pontes pon en marcha a segunda convocatoria do plan municipal de reactivación económica e laboral (APREL II 2020) destinado a paliar o impacto económico, social e laboral derivado da crise sanitaria provocada pola covid-19 sobre as microempresas e persoas autónomas do municipio.

O Plan Municipal APREL, nesta segunda convocatoria, conta con tres liñas de axudas, así contempla unha cota fixa de 600 euros para persoas físicas e xurídicas afectadas polo peche dos seus establecementos disposto no RD 465/2020 de 17 de marzo que modifica o artigo 10 do RD 463/2020 de 14 de marzo. A segunda liña, cunha cota fixa de 500 euros, destinada a aquelas persoas físicas ou xurídicas que sufriran unha

redución da súa facturación, durante o mes de abril de 2020 de polo menos o 75% en relación coa media efectuada no semestre natural anterior á declaración do Estado de Alarma e unha terceira liña, cunha cota fixa de 600 euros, para aquelas persoas físicas ou xurídicas que se visen afectadas polo peche do establecemento disposto na orde de 15 de agosto de 2020.

Entre os gastos subvencionables atópanse a cota da seguridade social, arrendamentos e canons, reparacións e conservacións, servizos profesionais independentes, gastos de subministración (auga, luz, gas ou teléfono) e outros gastos como útiles de desinfección, cotas de préstamos ou amortizacións.

As solicitudes, acompañadas da in-

formación complementaria, deberán dirixirse ao IPPEC e poderán presentarse por vía telemática a través da Sede Electrónica do Concello.

Esta achega súmase ás diferentes liñas de axudas posta en marcha polo Concello das Pontes durante o ano 2020 co obxectivo de impulsar a reactivación económica e laboral do municipio e respaldar ao tecido empresarial local.

Son, en palabras de Ana Pena, "un conxunto de inversións enfocadas a tratar de paliar os efectos da crise económica e laboral provocada pola pandemia, e contribuír na recuperación dos índices de emprego e actividade empresarial do municipio, que conta hoxe con máis de 700 autónomos e microempresas de todos os sectores".

O gato con botas
zapatería
C/ Plácida Peña, 8 - Baño
27800 Vilalba (Lugo)
Tel. 982516550

GABINETE TÉCNICO AGROPECUARIO TERRA CHA
ENXEÑERÍA TÉCNICA AGRÍCOLA - SERVIZOS VETERINARIOS
ENTIDADE DE ACONSELLAMENTO E XESTIÓN DO MEDIO RURAL
CENTRO AUTORIZADO PARA A FORMACIÓN EN BENESTAR ANIMAL
Novas oficinas:
Rúa Lois Peña Novo, Baixo nº3 - Vilalba
Tlf 982 523 649 - 982 523 601
619 41 53 56 - 650 61 12 60
ALÉN

Augas de Galicia augura impacto ambiental se desmantelan Endesa

Comité de empresa e traballadores das auxiliares reanudan as súas protestas

Augas de Galicia vén de trasladarlle ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico que os desmantelamentos proxectados na central térmica das Pontes poden causar impactos significativos nos ríos da contorna.

A Xunta vén de emitir o informe solicitado pola Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental do citado Ministerio en relación ao proxecto de desmantelamentos previstos na central termoeléctrica das Pontes, co fin de sometelo ao trámite de avaliación de impacto ambiental.

Augas de Galicia detalla que o ámbito da actuación se atopa afectado polas zonas de servidume e policía de varias canles, polo que cómpre incluír na documentación un plano onde se representen estas áreas sobre as superficies do proxecto coa fin de acadar unha idónea delimitación das afeccións.

O ámbito da actuación tamén está afectado polas Áreas de Risco Potencial Significativo de Inundacións delimitadas por Augas de Galicia para os ríos Eume e Maciñeira.

Neste sentido, a Xunta esíxelle ao promotor das actuacións a presentación dun estudo hidráulico que acredite o cumprimento dos condicionantes para autorizar os traballos nestas zonas.

A Xunta tamén solicita neste informe o incremento dos controis da calidade das augas superficiais e subterráneas nesta contorna.

NOVAS PROTESTAS. Un grupo de traballadores das empresas auxiliares de Endesa decidiron volver á senda da protesta e iniciaron unha nova medida de presión e protesta quedándose dentro das instalacións



Arriba, traballadores das auxiliares no encerro, e, abaixo, o corte da estrada

de Endesa despois de finalizar a súa quenda de traballo para pasar a noite.

Neste caso, os traballadores, preto dunha vintena, permaneceron no interior da central ata que lles tocou volver ao seu posto na quenda de mañá, co obxectivo de reclamar unha vez máis "garantías de emprego de futuro para a industria auxiliar" e que se convoquen as mesas sectoriais para abordar as alternativas e unha transición xusta.

Os operarios das auxiliares, continuaron coa súa protesta ao terminar a xornada pero con outros traballa-

dores de relevo. Segundo indican os sindicatos o peche é "indefinido" ata que Endesa garanta o emprego.

De feito, para facer visible a súa protesta, os traballadores cortaron a estrada nun acto reivindicativo. Segundo explicou Miguel Maesa, responsable sindical do grupo, esperan que ao longo da xornada de hoxe se avance na negociación coa empresa.

Mentres, os traballadores piden solucións inmediatas para manter a actividade, algo que pasa en primeiro lugar por acometer reincorporacións para substituír ás baixas de persoal.

A Deputación financiará as obras do Monte Caxado



Unha imaxe do polideportivo do Monte Caxado

A Deputación da Coruña aprobou un convenio polo que achegará 180.000 euros para a renovación integral do pavillón polideportivo do antigo colexio Monte Caxado das Pontes, unha obra na que se repartirán o orzamento entre o organismo provincial e o Concello. O plan ascende a 228.796,59 euros, polo que a Deputación asumirá o 78,67 % do custo. O obxectivo desta obra é a rehabilitación da

cuperta, que perderá a súa actual fibra de cemento.

Ademais, retirarase o falso teito na pista polideportiva para substituílo por un panel con illamento interior. Do mesmo xeito, incorporaranse dous aireadores para mellorar a renovación do aire e procederase á rehabilitación de gran parte da fachada e instalárase un novo pavimento deportivo de zona elástica, á parte de renovar a iluminación.

As fiestras mellor adornadas

A concelleira de Turismo Elena López deu a coñecer os nomes das persoas premiadas no concurso de decoración de fiestras de Nadal.

Na categoría + Sustentable, en primeiro lugar quedou Sandra Permuy Domínguez premiada con 300 euros; o segundo foi para Remedios Franco Cendán, o terceiro recaeu en María Dolores Román Chao e o cuarto lle correspondeu a Katia Otero Freijomil.

Na categoría + Pontesa resultou gañadora a fiestra de Silvia Blanco Maseda, cun vale de 300 euros, o segundo premio foi para Támara Corral Martínez, o terceiro premio foi para Lucía Rego Fuentes e o cuarto lugar

ocupouno Alejandra Alonso López. Na categoría + Bonitiña, María Viveiro López recibirá un vale de 300 euros polo primeiro premio, Inmaculada Blanco Bouza acadou o segundo, María José Pico Tembrás alzouse con terceiro e Sandra Calvo Calvo levou o cuarto.

O xurado outorgou dez accésits, premiados cun vale trocable de 100 euros a Emma Lamas Maceira, Teresa Pérez Rodríguez, Cecilia García Picallo, María Cendán Vilaboy, Laura Calvo Calvo, Iria Bellas Carballo, Juan Antonio Esteban Zubillaga, María de las Mercedes Dopico Rodríguez, Vanessa García-Valencianos Matos e María Blanco Fernández.

Premio Hume para un traballo sobre as escolas habaneiras

A doutora en arquitectura Alberta Lozano Aspres foi a gañadora da V edición do Premio de Investigación Hume, convocado pola asociación pontesa. O traballo premiado foi *A evolución do espazo arquitectónico nas escolas da emigración no Concello das Pontes de García Rodríguez*. O xurado salientou a valía da súa investigación ao redor da orixe, a historia, a evolución e a reforma das cinco escolas habaneiras do municipio.

O segundo premio foi para o arquitecto e doutor en Historia da Arte José Manuel Yáñez, recoñecido xa en dúas ocasións, que lle deu forma

á investigación *Capelas, ermidas e santuarios. Arte relixiosa en lugares de devoción popular no Concello das Pontes de García Rodríguez*, xunto aos arquitectos técnicos Silvia Monzo e Diego Veiga.

Dende a asociación organizadora destacan que por primeira vez se lle concede un galardón, neste caso un accésit, á investigación dun pontés. O delineante Javier Barcón foi merecedor desta distinción pola "calidade excepcional do traballo" *Descubriendo la iglesia de Santa María de la Luz*, no que achega interesantes datos sobre a iconografía ou as vidreiras da igrexa do Poboado das Veigas.

Del 7 de enero al 8 de marzo

REBAJAS

Descuentos a partir del 15% en Todos los Artículos de Exposición

PA moble

Avda. Tierra Llana, 35-37 VILLALBA (Lugo)
Tels. 982 887 874 y 625 104 930
mobelriasvillalba@gmail.com

MOBELRIAS VILLALBA

www.mobelrias.com



Un momento da obra que se desenvolve en Friol

O Concello adxudica a mellora de accesos

O Concello de Friol vén de adxudicar o proxecto de Mellora de accesos en Santa Marta, San Cibrao de Arriba, Recarei, Seoane, Abrigueiro e Fondemera, adxudicado á empresa Mantenimiento Forestal MG, SL, cuxa execución conleva unha inversión de case 170.000 euros.

“É un proxecto de gran importancia para a poboación de Friol, xa que se trata de realizar melloras e mantementos de accesos municipais en varias parroquias. Debido a gran extensión do municipio e a numerosa cantidade de kilómetros de pistas e carreteras que comunican o mesmo, desde o equipo de Goberno do Concello apostan por seguir invertindo na mellora dos vias municipais, xa que debido a condicións meteorolóxicas adversas que se dan con frecuencia, o tránsito diario e o paso do tempo, fan mella no estado das vías, polo que a circulación normal de vehículos vese dificultada en determinadas zonas”, explica o alcalde, José Ángel Santos. Acondicionárase o acceso a Abrigueiro en Guimarei, o acceso a San Cibrao desde Condes de Arriba, o acceso á estrada de Palas de Rei e o límite con Ferreira en San Cibrao. Na parroquia de

Seoane asfaltárase o acceso a Seoane, como tamén o acceso a Fondemera en Vilafiz. E en Santa Marta o acceso a Acevedo, que pertence á parroquia de Vilalvite. Trátase dun proxecto de mellora de vías, que se financia con cargo ó Plan Único, no que se levará a cabo limpeza e reapertura de cunetas, reparación de tramos con gravillón de colmatación estendido e compactado, aplicación de riego asfáltico, é dicir, una rexeneración completa das vías en donde se actuará.

CIRCULACIÓN. O alcalde José A. Santos comenta que todas as actuacións, “que se van empezar a realizar en breve, van facer que os veciños e veciñas teñan máis fácil a circulación por estas vías, insistimos en levar a cabo este tipo de actuacións, que fan que os desprazamentos de vehículos e maquinaria poidan realizarse sen problemas e intentamos ter en boas condicións toda a rede viaria do municipio para facilitar os accesos á veciñanza de Friol e tamén ás persoas de fóra do municipio que queiran ou precisen vir a Friol, tanto por lecer como por motivos laborais”, engade o alcalde.

A Xunta licitará as obras da estrada a Palas este trimestre

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade publicou no Diario Oficial de Galicia a aprobación do proxecto de construción da primeira fase das obras de mellora da estrada LU-231, entre Friol e Palas de Rei, cun investimento de case 2,8 millóns de euros. Esta actuación, que disporá dun prazo de execución de 12 meses, conta cun orzamento autonómico de case 2,8 millóns de euros, incluídas as expropiacións das 222 fincas necesarias para acometer o acondicionamento da vía.

Trátase do acondicionamento dos primeiros 9,4 km da estrada LU-231, 8,9 situados no concello de Friol e os últimos 500 metros no de Palas de Rei, é dicir, o treito entre a travesía de Friol e o acceso a Castrelo. O departamento de Infraestruturas da Xunta ten previsto o levantamento de actas previas e a licitación do contrato de obras no primeiro trimestre de 2021. As actuacións disporán dun prazo de execución de 12 meses aproximadamente.

A sección da estrada ten actual-



Imaxe da estrada que une as localidades de Friol e Palas

mente un ancho aproximado de 5 metros, polo que os carrís son estreitos e non contan con beiravías. Esta sección ampliarase ata os 8 metros, con dous carrís de 3,5 m de ancho cada un e beiravías de 0,5 m, salvo na zona con máis edificacións. O proxecto contempla melloras do trazado, suavizando as curvas de menor radio. Cabe salientar que se mellorará o cruce do punto quilométrico 2+100 coa estrada provincial LU-P-1611, pola que se chega a Guntín, nun sentido, e a Begonte

(A-6), no outro.

A estrada LU-231 ten aproximadamente 18,7 quilómetros desde a travesía de Friol ata o enlace coa A-54 máis próximo ao núcleo de Palas de Rei. A Xunta ten prevista a súa mellora en dúas fases, para o que contratou a redacción de dous proxectos construtivos, estando o segundo redactado e en fase de supervisión técnica.

O Consello da Xunta autorizou tamén as expropiacións para executar a primeira fase das obras.

O Goberno local presenta un orzamento de 4,1 millóns

O equipo de goberno de Friol presentou os orzamentos para o ano 2021, que ascenden a 4,1 millóns de euros e que no ámbito do investimento están previstos un millón de euros. As contas están tamén condicionadas pola situación sanitaria actual polo que apostarán tamén polos servizos sociais, aumentando considerablemente dita partida chegando aos 650.000 euros.

“Son uns orzamentos tremendamente estudados e rigorosos, todo sempre en beneficio da poboación do municipio e pode di-

cirse que Friol terá os maiores orzamentos da súa historia”, explica o alcalde.

A presión fiscal non aumenta en relación cos impostos municipais. Tampouco o prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar e o punto de atención aos nenos. Tampouco se aumentan os tipos impositivos establecidos nas ordenanzas vixentes para o cobro do IBI de mercancías urbanas, rústicas, de características especiais e o imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

En relación co IBI rústico, a ordenanza continúa vixente para reducir o importe total do imposto, co máximo permitido pola lei, o 95%, daqueles inmobles nos que se atopa a construción e se desenvolven total e exclusivamente actividades económicas agrícolas ou gandeiras, claramente de apoio ao sector primario, un dos piares máis importantes da economía do noso municipio. Esta bonificación xa alcanza as 8.533 parcelas no termo municipal. E todos aqueles veciños que teñan dereito poden seguir solicitando esta bonificación.

Tamén está previsto continuar



O alcalde de Friol

apoiando aos sectores comercial, empresarial e industrial reducindo as taxas municipais en termos de novas construcións ou reformas e incluso ampliacións de todas as empresas que están ou teñen previsto instalarse no noso municipio, co fin de mellorar e a captar tecido empresarial, segundo comenta o alcalde.

No que respecta a os gastos de persoal, “as cifras son extremadamente baixas, cunha porcentaxe do 24,10%, unha das mais baixas da provincia” Pola contra, a cobertura do mantemento das vías públicas municipais, conta cunha partida de gastos en infraestruturas de 500.377 euros.



“Queremos traballar en sinerxía coas asociacións de Friol”

María Arias, xerente da Casa da Galbana, fala do proxecto do hotel cultural

Friol acolle un novo proxecto hoteleiro e cultural coa apertura da Casa da Galbana. Ubicado na praza Andón Ferreiro, a antiga vivenda cumpre agora un dobre obxectivo, servir de lugar de refuxio de turistas e visitantes e ser escenario de multitude de actos artísticos e culturais.

Este proxecto de xestión privada nace coa aposta da reforma dun antigo edificio dun veciño friolense, pai dos agora promotores do negocio, para poder conservar así o patrimonio familiar. A transformación da Casa da Galbana busca tamén a dinamización do núcleo no que se localiza, baixo a idea da creación dun espazo acolledor ao que acudir na procura de descanso e, simultaneamente, para gozar dos múltiples atractivos de Friol e os seus arredores. O hotel conta cunha superficie construída de 468 metros cadrados, con sete habitacións dobres, un espazo multifuncional e unha sala de eventos no anexo da Casa, para dar cobertura á oferta deste novo concepto de negocio. María Arias é unha das bisnetas de Elvira Galbán, e agora forma parte do conxunto promotor do proxecto. Según di, non dibidou nin por un intre apuntarse á iniciativa emprendedora: “en canto o empezamos a cociñar, tiven claro que había que levalo a cabo”.

Cómo nace o hotel cultural Casa da Galbana?

A idea foi algo que se lle ocorreu ao meu pai fai anos, chegou a plantexarse levalo a cabo pero non rematou en ningún porto. A raíz de ver como a casa cada vez se quedaba mais baleira e comezaba a deteriorarse pensamos nós en facer real esa idea.

Estudámolo, vimos que era factible e tiramos cara adiante.

Canto tempo levades traballando nela?

Levamos máis de dous anos e medio traballando na idea e empezamos as obras fará dous anos. A subvención do GDR foi clave, sen ela non se podería haber feito. É unha rehabilitación dunha casa que data de principios do século pasado, unha adaptación así necesita cartos.

Por que manter o nome da Galbana?

Por manter a historia da miña familia, a casa era da miña bisavoa. Dende pequena falábanme dela, unha muller forte e botada para diante para aqueles tempos que corrían. O tipo de cousas que escoitas e te fan ter admiración... tiñamos que manter a súa esencia, a casa era ela.

Que máis referencias hai no hotel da vosa familia?

Detrás de cada cousa para nós hai un significado. Non tanto para que o vexan os hóspedes, pero si para nós. Nos nomes das habitacións, nos mobles, nos cadros... facemos referencia a miña avoa, o meu pai e a toda a xente que pasou por alí, ademais de facer alusión tamén ao pobo e aos seus lugares de referencia.

Non poñedes en marcha só un hotel, senón que queredes ser escenario de eventos culturais.

Exacto, o hotel é pequeno e acolledor, pero iso non era suficiente. Queríamos traer ao concello cousas relacionadas coa cultura. A parte da casa hay un anexo cun patio, onde

antes estaban as cuadras, e nese espazo queremos crear unha sala de eventos, onde se poidan facer exposicións de pinturas, esculturas, mercadillos, teatro, presentacións de libros... cousas para o pobo.

A arte está moi presente na filosofía do hotel?

Na miña casa sempre houbo arte, cuadros... E no noso hotel non querríamos seguir os mesmos patróns que noutros hoteis. Cada habitación tiña que ter a súa personalidade, rehabilitamos mobles que había na casa para mesturalos con outros novos, incluímos os cadros, a arte. Tratamos de cuidar o detalle para cuidar ao público que poida vir, facer da casa un hotel acolledor.

Que ten Friol e que lle pode aportar a Casa da Galbana?

Friol é un lugar digno de visitar. Montes, bosques e carballeiras como xa non quedan tantas. Agora non é tan coñecido pero fai anos era un lugar de referencia polas súas feiras e o seu mercado gandeiro. Quizais crearon máis outros lugares da provincia, pero dende hai anos a xente empezouse a mobilizar máis. Créanse asociacións culturais e actos culturais propios, e ao ver iso dímonos de conta do que lle interesaba a xente. Queremos traballar buscando a sinerxía coas asociacións de Friol, facer un todo entre todos para buscar que medre o pobo de maneira colaborativa.

Como foron as primeiras sensacións na inauguración?

Fai meses, cando pensábase como sería a inauguración, tiñamos en



Arriba, unha imaxe do hotel Casa da Galbana e, abaixo, o patio na zona interior

mente comezar apostando por un evento, un concerto ou unha obra. Coa situación sanitaria na que vivimos non nos atrevimos e optamos por facer unha xornada de portas abertas, un percorrido pola Casa da Galbana. A verdade é que houbo moita xente interesada en coñecer o proxecto, as sensacións foron moi boas e paréceme que o pobo ten gañas de apuntarse a facer cousas.

Como é emprender en tempos da covid?

Coincidiunos así, contábase con ter aberto antes, pero en medio da rehabilitación pillounos a corentena e a obra retrasouse. Aínda que non

é o mellor momento, non só pola situación, senon tamén porque é inverno, as gañas de poñer todo en marcha pesaron máis que a situación, cando xa estivo todo listo para funcionar quixemos abrir.

Cando comezarán a desenvolverse no hotel as iniciativas culturais?

Vamos a esperar a ver como avanza a situación. Polo momento estou falando cunha artista para comezar cunha exposición de cadros para poder usar xa a sala, pero o de facer eventos con bastante público como tal deixarémolo para máis adiante, cando se poida facer con seguridade. Esperemos que sea de cara ao verán.

Friol logra aumentar a súa poboación durante o 2020

Despois de 16 anos en continuo descenso, a poboación no municipio de Friol viuse incrementada neste ano 2020. Nos últimos anos a maior parte dos pobos rurais viron reducida a súa poboación a pasos axigantados. No Concello de Friol, que foi protagonista da coñecido como España baleirada ou España despoboadada, tamén se deu este feito nos últimos tempos, pero durante este ano 2020 a súa poboación viuse incrementada notablemente, despois de anos de continuas baixadas.

Os datos que reflicten isto é o padrón municipal, que a día 1 de xaneiro do presente ano, era de 3.670 habitantes, e a día 30 de novembro pasa a

ser de 3.772 veciños e veciñas.

“A falta de cuantificar todo o mes de decembro, estamos a falar dun aumento de 102 habitantes, que se explica porque houbo 201 altas entre nacementos (24), altas de outros municipios (159) e altas estranxeiro (18), contra 99 baixas, por cambios de domicilio (51) e por defunción (48)”, explica o alcalde.

Así, Jose Á. Santos móstrase optimista e confiado en que esta liña ascendente se manteña “e consigamos así que o noso municipio aproveite esta oportunidade de crecemento e manteña a curva ascendente de poboación, xa que nos dá ánimos e forzas para seguir traballando”.

Avda. Terra Chá 112 - 114 - VILALBA (LUGO) - Telf: 982 511 200

No rural estamos a sufrir dúas pandemias

OPINIÓN



José Ángel Santos
Alcalde de Friol

Xa con anterioridade a actual peste chamada Covid19, hai mais de dous anos que no rural de Galicia comezamos a padecer unha epidemia non menos letal que a actual, esta última, con nome, pero tamén con apelidos.

A finais de Setembro do ano 2018 o ourensán José González Vázquez fíxose cargo do departamento de medio rural da Xunta de Galicia, desde entón, moito do que ocorre nesta Consellería carece de sentido.

Non podo deixar de referirme ao produto máis vendido como un catalizador e que solucionará todos os problemas nas zonas rurais, as famosas "Aldeas Modelo", o custo será demasiado alto, o rural galego non precisa de ensaios que despois non se sabe como manter, inventando para iso métodos incongruentes, parece que os tecnócratas desta consellería non tiveron en conta que a maleza medra de novo, para que nun curto período de tempo atopemos esas zonas na mesma situación que anteriormente, debido á falta de actividade agrícola, dado que son zonas desfavorecidas que non son aptas para implantar ningún tipo de actividade agro-gandeira. E moito menos o campo Galego require de inversións en "museos" coa finalidade de que sexan a exhibición do noso rural, sendo xa de por

si o propio rural galego o noso maior escaparate.

Durante estes dous anos a Consellería apostou por unha serie de medidas que se materializaron nun nivel de execución moi baixo, por non dicir nulo, e aínda así, séguese a propoñer modificacións e traspasos de partidas económicas, parece que dunha maneira unilateral. O obxectivo deste inxustifico traspaso de fondos para nada favorece a economía e o desenvolvemento rural, senón que se realiza o capricho da Consellería para investir en proxectos que levarán ao ocaso definitivo do noso rural.

A xustificación de dita reestruturación, non pode ser outra, que tratar de comprometer fondos para eses proxectos que desde a Consellería se consideran "estrela," que non van supoñer nin desenvolvemento, nin asentamento, por ser algúns inviables, innecesarios ou pouco eficaces. A liña de traballo que se está a seguir supoñerá un fracaso rotundo do rural galego, para nada se está impulsando o desenvolvemento rural tal e como se entende desde a base territorial, tendo en conta o coñecemento e as necesidades.

É totalmente incoherente que nas últimas anualidades os fondos do Plan Marco se vexan reducidos drasticamente, unha redución desproporcionada na que a poboación rural verá como se deixa unha vez máis abandonada, sen o mantemento das vías que usan a diario, xa que este Plan Autonómico era unha ferramenta básica para todos os municipios rurais.

Os GDR son a forza motriz e o

factor fundamental dentro do medio rural, crean e consolidan emprego, coñecendo de primeira man as necesidades do territorio, distribúen os fondos dotados segundo unha estratexia clara e definida para promover o medio rural, de aí o éxito da súa execución no marco do PDR actual, e que no novo marco gustaríalles prescindir deles, pero saben que non poden, e polo tanto queren transformalos en meros asesores.

A miña reflexión é, se non sería unha mellor opción, entre outras, para esas partidas orzamentarias que quedan sen executar, e algunhas que se pretenden destinar nas aldeas modelo ou na creación de museos rurais, modificar as mesmas para fomentar os intercambios voluntarios xa previstos no marco da reestruturación parcelaria e así facer as explotacións máis viables e con máis capacidade de crecemento reducindo os custos de produción, con parcelas agrupadas e rendibles.

Aveciñanse malos tempos para o noso rural, neste momento que estamos inmersos nunha pandemia sanitaria e tamén económica, en que non temos tempo para experimentos, debemos de ter xestores capaces de apoiar o rural con medidas reais, directas e que teñan como finalidade impulsar o noso medio. Estou seguro de que acabaremos coa Covid19 mediante a vacina que nestes momentos se está administrando, como tamén espero que pronto dispoñamos da vacina axeitada para tamén disipar a outra pandemia, polo ben do rural galego.

abadín



Os novos contedores do Concello de Abadín

Instalan estes días os novos contedores nas parroquias

A empresa adjudicataria está a proceder estes días a colocar as bases para os novos contedores nas diferentes parroquias do termo municipal de Abadín. Estes primeiros días están a traballar en Montouto e Labrada e de aí seguirán ao resto de localidades nas que se colocarán os novos, ata un total de 198 que está previsto poñer. Trátase de contedores de 770 litros que contarán cunha base de formigón de 1,5 por 1 metro e cun suxeita contedores de inox.

O proxecto de cambio de contedores nas parroquias de Abadín está dividido en dúas partidas, unha de 98.571,20 euros financiados a través do Plan Único que é o que se está a iniciar estes días nas parroquias de Abadín, Abeledo, A Graña de Vilarente, Aldixe, As Goás, Baroncelle, Candia, Fanoi, Grariás,

Galgao, Labrada, Montouto, Quede, Romariz e Seivane. Ten un prazo de execución de dous meses.

Tamén hai unha partida do Fondo de Compensación que irá encamiñada á mesma función. Trátase de 49.058 euros que irán para a colocación de 67 novos contedores para Castromaior, Cabaneiro, As Goás, Corvite, Moncelos e A Graña, para instalar nun mes.

Como explica o alcalde, José María López Rancaño, "aínda necesitamos outros 150 máis para finalizar o programa aos que dedicaremos cartos do Plan Único e do Fondo de Compensación este ano".

Sobre as obras do Plan Único o alcalde avanzou que se licitarán accesos ás fincas e varias obras que se presentarán en breve. Así mesmo, anunciou que os fondos do Agader irán tamén para estradas.

Rancaño defende ante o PSOE o servizo de saúde

O alcalde de Abadín, José María López Rancaño, contestou durante o Pleno de xaneiro aos socialistas na súa demanda da mellora de atención pediátrica no Concello.

Segundo explicou o alcalde, o servizo de pediatría no Concello "está mellor que noutros concellos da mesma agrupación. Centralizado en Vilalba, Abadín recibe, tal e como explicou o alcalde, a visita da pediatría unha vez á semana "cando no resto non vai ningún día". Ademais, indicou que no centro de saúde hai tres médicos e dúas enfermeiras "cando outros centros teñen só dous médicos e unha enfermeira, o que fai que sempre teñamos médico algo que non sucede nos concellos da nosa contorna", subliñou Rancaño.

O alcalde lembrou no Pleno que "o centro de saúde de Abadín foi pio-

neiro porque foi o Goberno central o que o fixo, alá no primeiro mandato; de feito, foi un dos primeiros centros rurais".

Sobre a construción dun centro de maiores na vila, o alcalde asegurou estar a favor da idea pero "a xestión, para que funcione, ten que tela un organismo como a Xunta, a Deputación ou mesmo un privado, o Concello non pode economicamente con el".

Engadiu que "temos un centro de día que funciona moi ben porque é comarcal e ven xente dos concellos da contorna. Agora coa pandemia os usuarios son menos, estamos en 26 sin lista de espera cando antes da covid estabamos completos, con 40 no centro e lista de espera".

No Pleno tamén se aprobaron as contas do ano pasado.

Chegou por fin o "NOVO SÍ QUERO", que ilumina o momento tan desexado con emoción e novas ilusións.

Longa foi a espera e máis todavía a distancia, pero chegou o momento para que unha noiva dea a ver que ningún impedimento será quen de imporse aos seus sentimentos. O carácter e a personalidade das xoias estarán da súa parte.

En "Victor Mato" Rúa da Pravia, 29 en Vilalba temos todo a punto para aportar esa luminosidade especial que toda parella quere para o seu casamento

É así que a expresión simple e sen adorno da composición tradicional trócase nas novas formas en xoiería, un relumbrar de modelos únicos na súa composición.

Se os protagonistas da voda pretenden ser únicos na súa celebración, por que non fan selo os seus aneis?

Os aneis de voda recollen os momentos, os sentimentos e custodian con esmero a expresión de amor eterno na parella...

LONXE DE NÓS A TRISTEZA, QUEREMOS VOLTAR Á LEDICIA DO AMOR EXPRESADA NOS ANEIS DE VODA.

Victor Mato Pravia, 29 VILALBA

Os pais seguen en pé de guerra

Continúan as mostras de apoio ás protestas contra a unificación dos colexios

Asociacións de pais, veciñais, culturais e deportivas e grupos políticos tanto do ámbito local como autonómico manifestaron este último mes o rexeitamento do proxecto do alcalde de Begonte co que se pretende unificar os dous colexios e utilizar as instalacións de Baamonde para a ubicar un conservatorio de ámbito comarcal.

Mentras as asociacións e grupos de apoio ao rural afirman que se trata “dunha manobra para seguir baleirando o rural”, os pais non desisten das súas reivindicacións. As dúas asociacións máis implicadas na loita contra o peche do centro, a de veciños e a anpa, aseguran ter recollidas máis de 3.000 firmas, tanto por medio dixital como en papel, en contra da iniciativa municipal.

Os pais esperan unha resposta definitiva sobre a postura da Xunta de Galicia sobre esta iniciativa e mentras continuarán manifestándose as fins de semana.

Non pararon as protestas e todos os domingo pola mañá organizan algunha actividade de protesta. De feito, dende que se deu a coñecer o proxecto, non pararon



Concentración e cacerolada realizada en Baamonde

nada máis que unha fin de semana coincidindo coa celebración de Reis. De feito, xa teñen previstas concentracións para os días 17 e 24, ás 12.00 horas.

A marcha partirá as 12:00h dende a igrexa de Baamonde, recorrendo a N-VI ata chegar á rotonda coa N-634. Nesta ocasión continuarase por esta estrada ata a praza para conectar co consultorio médico e volver coller dirección a N-VI; onde voltarán ata a rotonda

e pecharán o círculo chegando ao colexio. Os convocantes piden a cooperación de toda a veciñanza e establecementos de Baamonde, Pacios, Carballido, Vilariño, Bóveda, Pígara e Soexo “como principais damnificados”.

Xusto no Nadal, os manifestantes, liderados pola Asociación de Veciños Montenegro e a anpa do centro, organizaron unha cacerolada que contou cunha ampla participación.



Un momento da presentación do vídeo en Begonte

Begonte presenta un vídeo potenciando o Camiño

O Concello de Begonte quiere potenciar o Camiño Norte ao seu paso polo municipio a través dun proxecto promocional impulsado e subvencionado no marco do programa O Teu Xacobeo, que conta cunha achega autonómica de 12.000 euros.

O vídeo ten un carácter divulgativo sobre a riqueza natural, patrimonial e gastronómica da localidade co fin de difundilo a través de páxinas web, redes sociais ou en feiras de turismo. Trátase dunha gravación de seis minutos titulada *Begonte, xa*

respiro doutro xeito, que pon en valor os recursos do concello da man de voces locais.

Outra das iniciativas promovidas foi a realización de enquisas para coñecer a opinión dos peregrinos e da cidadanía en xeral sobre a situación da ruta xacobeá ao seu paso por Baamonde, co fin de recoller propostas para futuros proxectos de mellora.

A presentación deste vídeo forma parte dun programa de actividades para implicar a toda a poboación neste Ano Santo.



A novas instalacións de Gadisa na área de servizo de Fontefría

Gadisa abre un supermercado na estación de servizo

Gadisa pecha 2020 coa apertura dun punto de venda franquizado Claudio Express na estación de servizo Petrocash en Begonte (Crtra. LU-541, km. 9,5 – Fontefría). Unha funcional tenda que, en 70 m2 de sala de vendas, pon ao dispor dos clientes unha selección de produtos de alimentación, droguería e hixiene para cubrir as súas necesidades básicas.

O Claudio Express abre os 365 días do ano, cun amplo horario ininterrompido de 6 a 23 horas. No exterior os clientes dispoñen dun amplo

aparcadoiro. A posta en marcha deste complexo supón a creación de 4 postos de traballo directos.

Os Claudio Express están situados principalmente en estacións de servizo. Son tendas de conveniencia que abren todos os días do ano e caracterízanse pola funcionalidade das súas instalacións. O obxectivo dos puntos de venda desta liña de negocio é satisfacer a demanda dos clientes en canto a ofrecerlles unha variedade de artigos de primeira necesidade.

O Concello converte unha antiga escola de Saavedra nunha vivenda social

A parroquia de Saavedra remata as obras da que fora a escola do barrio de Vilagrande, a cal levaba anos abandonada. O Concello de Begonte puxo ao cargo da empresa José Sanjurjo Construcións, de Vilalba, o acondicionamento do edificio para que pasara a ser unha vivenda social onde persoas en situación de vulnerabilidade, coma xente sen teito ou vítimas de violencia de xénero, tiveran un fogar para refuxiarse. Concretamente, a planta superior do

edificio dos anos 60, será a zona habitada para os futuros residentes. Alí foi onde durante anos se establecía a vivenda do mestre cando a escola estaba en activo. Na distribución do inmoble atópase unha cociña, un espazo de salón-comedor, dúas habitacións, un baño e unha zona independente para o tendal e lavandaría. Ademais de isto, tamén se arranxou unha habitación na planta baixa, os chanzos de acceso e máis se fixeron melloras na fachada exterior.

Na obra, invertéronse un total de 48.400 euros, dos que máis de 12.000 proveñen da Deputación e, o resto, da Xunta. Para os vindeiros meses prevese incluír o mobiliario necesario na vivenda e esperase poder acondicionar tamén o baixo, que goza de 45 metros cadrados divididos nun vestíbulo e dous aseos. O Concello e a área de servizos sociais realizarán un plan para o regulamento da entrega da vivenda para cando esta sexa finalmente habitable.

ATABERNA

T: 982 510 061
facebook/ataberna.vilalba
info@atabernavilalba.com
www.atabernavilalba.com

DISFRUTA CON TUS AMIGOS
OLVIDATE DE TODO Y SABOREA
NUESTRA CARTA
BACIONES
REVUELTOS
ALCO...
HAMBURGUESAS
PASTAS
ENSALADAS
BOREAR
TILLAS
RAXO
SERVICIO A DOMICILIO
en casco urbano y polígono

Convocan de novo o certame Vilariñas de micropoemas

A Nova Poesía Guitirica e a Lareira de Soños convocan a V edición do Certame Vilariñas de micropoemas no que poden participar todos os escritores que queiran. A participación neste concurso é completamente de balde.

Os micropoemas presentados ao concurso serán inéditos, orixinais e non premiados nin publicados. Os autores son responsables tanto deste punto como da autenticidade dos seus propios datos.

A temática será libre e cada participante poderá enviar un máximo dun micropoema que debe estar escrito en galego en calquera das normativas ou en portugués e presentarse ao concurso a través do correo electrónico dosvillares@gmail.com ou nppgazeta@gmail.com en formato word e coa referencia de Certame Vilariñas 2021 no título do correo. Cada vilariña terá o nome ou o alcume do autor. Tamén no correo deben figurar os datos de contacto do autor/a co nome completo e un número de contacto.

Os micropoemas terán una extensión mínima de 2 versos e máxima de 3 sen incluír o título. Cada poeta poderá presentar un máximo dun



micropoema a concurso e cada un deles será xulgado individualizadamente por un xurado composto por poetas da NPG Nova Poesía Guitirica. A organización non correxirá nin modificará os textos dos poemas. Poderán cada un deles ir acompañado de imaxe se así o quixese o autor. Admitiranse obras desde o 1 de xaneiro até o día 31 de xaneiro de 2021, ás 23.59 horas.

A organización do concurso resérvase o dereito a eliminar aqueles micropoemas que podan ir en contra da protección da infancia, do respecto, ou induzan ou promovan actos delictivos, denigratorios ou violentos en calquera das súas formas.

Colocan este sábado os Poemas Pendurados de Farolas

Este sábado, 16 de xaneiro, a partir das 17.00 horas comezarán a colocarse nas farolas de Guitiriz os case 100 poemas doutros tantos poetas que este ano irán adicadas ao covid-19 dentro do certame Poemas Pendurados de Farolas.

Varios poetas da NPG Nova Poesía Guitirica iniciarán a colocación de poemas dende a praza da Igrexa por toda a localidade.

Os poemas poderán leerse a pé de rúa até o 20 de febreiro nun Guitiriz convertido nun poemario colectivo xigante no que cada farola tornará

unha páxina diferente cunha temática única: a pandemia do coronavirus. Esta será a cuarta edición de #PoemasPenduradosdeFarolas que nas edicións anteriores estiveron adicadas á violencia machista, á vaga de lumes e aos recortes de liberdades fundamentais.

“A poesía ao servizo da sociedade e inmersa en asuntos de actualidade, achegada á xente da rúa e con mensaxes comprometidas é outra actividade máis da poesía guitirica que vai camiño dos seis anos de existencia”, explican nas bases.

Cae unha parte da fachada da Casa da Botica polo temporal

Un derrube na fachada da Casa da Botica durante a fin de semana mobilizou a técnicos da institución provincial e á empresa adxudicataria das obras do centro de atención a maiores de Guitiriz co fin de executar os traballos precisos para apuntalar, reforzar e consolidar esa parte da fachada.

A caída do muro aconteceu no alzado dereito da fachada principal e puido deberse presumiblemente ao forte temporal de vento, que puido facer efecto vela e empurrar a estrutura, provocando o seu desprendemento e derrube.

A institución provincial solicitou informes de avaliación do acontecido á dirección da obra, á dirección de execución e á empresa encargada



Una vista da zona afectada da fachada da Casa da Botica

da construción da residencia, co obxectivo de determinar as causas que provocaron este derrubamento parcial e adoptar todas as medidas necesarias que permitan continuar as obras con seguridade.

Mentres, o Partido Popular instou á

Deputación a velar pola seguridade das obras do inmovible e acusou o retraso na construción, “que non vai cumprir os prazos”. Pola súa banda, o BNG acusa ao Concello por permitir que o edificio estea en “estado de deixadez”.

Licitado o contrato para a explotación da área de servizo



Unha vista da área de servizo guitiricense

O Ministerio de Transportes, Movilidad e Axenda Urbana licitou un contrato de concesión de servizos para a explotación da área de servizo de Guitiriz, situada a ambas as marxes da Autovía do Noroeste na A6, á altura do PK 538.

A modalidade de contrato será concesión de servizos por un prazo de 5 anos, co obxecto da conservación e explotación das

instalacións existentes xunto coa execución das operacións de reforma e mellora que propoñan os adxudicatarios nas súas ofertas. A explotación das áreas de servizo devindará o correspondente pago dun canon anual a favor da Administración Xeral do Estado, non inferior a 189.436,50 euros. O valor estimado do contrato é de 10.718.864,74 euros.

O Concello convoca catro prazas para servizos sociais

O Concello de Guitiriz convoca catro prazas de servizos sociais: dúas para o Punto de Atención á Infancia (PAI), unha para o centro de día e outra para o Servizo de Axuda no Fogar (SAF). O anuncio publicouse no BOE o 29 de decembro e as bases no BOP o 26 de outubro.

As dúas prazas de técnico medio do PAI e a de traballador social do SAF vanse cubrir polo sistema de concurso-oposición, en turno libre, mentras que a praza de terapeuta ocupacional para o centro de día cubrirase mediante o sistema de oposición.

Os procesos de selección están xa abertos. Os interesados dispoñen de 20 días hábiles dende a data da publicación no BOE, que foi xusto antes do día de Reis, para presentar as súas solicitudes no rexistro xeral do Concello en horario de 8.00 a 15.00 horas de luns a venres.

Asesoría Enerxética
Terra Chá

CONTRATACIÓN - RECLAMACIÓNS
SUBVENCIONS - AUDITORIAS
ILUMINACIÓN LED
CERTIFICACIÓN ENERXÉTICA
INSTALACIÓNS FOTOVOLTAICAS

Praza da Constitución, 3 - Baixo, 27800 Vilalba (Lugo)
Tel.: 982 512 233 - info@enerxiaterracha.es - www.enerxiaterracha.es

LA CASILLA HOSTAL RESTAURANTE

Preparamos comidas para llevar por encargo

BODAS Y BANQUETES

La Casilla
Especialidad en almejas y chuletón

Rúa da Constitución, 19
GUITIRIZ 982 37 01 88

BODAS - COMUNIONES - BANQUETES zona para Boda Civil
www.lacasilla.es

Guitiriz aproba un orzamento para 2021 de 4,2 millóns de euros

O Goberno local de Guitiriz aprobou en pleno (votos a favor do PSOE, abstención do BNG e en contra do PP) os orzamentos do Concello para 2021. Un documento que ascende a 4.273.903,33 euros e que está adaptado á crise sanitaria actual “cunha forte aposta polo social”, indicando dende o Concello.

Con respecto ao 2020 producese unha lixeira diminución de 122.795,68 euros debido a que non se inclúen as habituais subvencións que recibe o Concello por parte doutras administracións (Plan de Mellora de Camiños, Fondo de Compensación Ambiental...). Ademais, tampouco se incorpora a dotación do Plan Único da Deputación polo que, cando se fagan efectivas estas axudas, o orzamento verase incrementado.

SERVIZOS SOCIAIS. O apartado de gastos correntes ascende a 4.241.403,33 euros nos que destacan os destinados ao persoal municipal e que se xustifican en que a maior parte dos servizos ofrécenos o Concello sen recorrer á externalización (servizos sociais, recollida de lixo, mantemento de espazos públicos, de potabilizadoras e depuradoras...).

O Concello de Guitiriz conta cun servizo de Axuda no Fogar que se mantén con medios propios e que neste momento conta con 28 prazas e para o que tamén se inclúe unha partida para sufragar os gas-



Marisol Morandeira

tos de desprazamento que teñen que afrontar nos seus coches para prestar o servizo en domicilios moi distantes uns doutros.

Tamén se inclúen neste apartado 73.200 euros para a concesión de subvencións a asociacións e entidades sen ánimo de lucro, e axudas de emerxencia social a familias e particulares para as que se duplica o importe respecto ao pasado ano sendo de 14.000 euros. Ademais, resérvanse 20.000 euros para financiar as bolsas de formación, material escolar, axudas ao transporte e outras de ámbito educativo.

INVESTIMENTOS. O anexo de investimentos ascende este ano a unicamente 20.000 euros xa que, como explicou a alcaldesa, Marisol Morandeira, optouse por non incluír as cantidades a percibir a través doutras administracións como pode ser o Plan Único da Deputación, o Fondo de Compensación Ambiental

e outras. Marisol Morandeira explicou que neste capítulo “pretendíase ser máis ambicioso pero a situación que estamos a vivir, e para non acudir a operacións de endebedamento, impediu que se poida aumentar polo de agora esta cantidade para levar a cabo diferentes obras”.

Entre as partidas para destacar do anexo de investimentos está a adquisición de equipos informáticos e outro material destas características para adaptarse á nova lei de teletraballo e salvar a fenda dixital, así como reposicións de mobiliario urbano e das instalacións municipais. Por outra banda, está previsto que se executen no 2021 o proxecto de modernización da planta potabilizadora co obxectivo de continuar mellorando a calidade da auga en Guitiriz e para o que xa se conta cunha subvención do IDAE por importe de 261.290,68 euros e tamén o Plan de Mellora de Camiños Municipais 2020-2021.

No apartado de dinamización social, turística, económica e de promoción continúa a aposta firme de promocionar os produtos locais e o potencial ambiental dos diferentes espazos do municipio.

Por último, a situación de tesouraría do Concello “é boa”, conta cun remanente de 2.726.398,03 euros (incrementouse en 350.000 euros con respecto ao 2018) do que, debido á lexislación vixente, só se pode facer uso deste para investimentos financeiramente sustentables.

Aposta pola accesibilidade



O Concello de Guitiriz apostou pola accesibilidade cognitiva e mergullouse neste proxecto de forma clara e así o demostraron tras implementar uns 450 pictogramas en edificios públicos e establecementos da localidade nunha aposta pola inclusión e a igualdade de oportunidades.

Foi a propia alcaldesa, Marisol Morandeira, a que liderou este proxecto co que se intenta visibilizar, facilitar e incrementar a comprensión e a autonomía das

persoas con diversidade funcional. O Concello de Guitiriz puxo en marcha esta iniciativa en colaboración cos departamentos de orientación dos centros educativos. Os pictogramas estarán instalados nas entradas e nas diferentes estancias dos edificios públicos, como entidades municipais, centros educativos ou de saúde, así como en todos os establecementos e negocios que se adheriron, aos que o Concello móstralles o seu agradecemento.

A aula CemIT imparte este mes cinco obradoiros

A Rede CeMIT convocou 5 talleres de informática para o mes de xaneiro, de balde. O primeiro dos talleres é de informática básica, conta cunha duración de 20 horas.

Tamén se impartirá outro de banca electrónica, de 6 horas e dirixido a persoas que teñan interese en aprender a comunicarse e facer xestións a través de internet co seu banco. Continuarán con reunións virtuais por videoconferencia e chat. Conta cunha duración de 6 horas.

O cuarto leva o título Iniciación ao scratch. Levarase a cabo os luns pola tarde, de xaneiro, febreiro e marzo. Dirixido a menores con idades comprendidas entre os 8 e 10 anos.

A programación do mes finaliza co de Libre Office Writer Básico. Taller a realizar online. Conta cunha duración de 25 horas. Está dirixido a toda persoa que teña interese en iniciarse na elaboración de documentos de textos.

| | |
|---|----------|
| Plaza de San Juan 8, Vilalba Edificio (Uso misto) 216m ² | 90.000€ |
| En la localidad de Vilalba (Lugo), a 30 minutos de Lugo y de Ferrol, a 45 de A Coruña y de la costa lucense, se vende casa del año 1900, reformada y adaptada a la época actual, aunque conservando la esencia de aquella época. La casa tiene en la planta baja un espacio que puede dedicarse a montar algún negocio y en las plantas superiores tiene tres dormitorios, sala, cocina, un baño y una dependencia para lavado planchado. | |
| Calle Cidade de Lugo 32, Vilalba Casa/chalet independiente 6 Dorm 3 Baños 449m ² | 379.000€ |
| En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende chalet unifamiliar para vivir en época de pandemia y postpandemia, a un paso de las playas (30 minutos de la costa de Lugo), nudo de comunicación de autovías, a cinco minutos andando del centro, con todos los servicios andando en un radio de diez minutos. Si miramos al Sur, las vistas son el bosque y pradera y al frente, el jardín. Consta de 449 metros, listo para entrar a vivir, en los cuales tenemos un amplio salón, sala de estar, despacho, 6 dormitorios, 3 baños y un aseo, cocina, garaje, bodega, calefacción de gas ciudad. Si necesitas desprenderte de parte del terreno, puedes vender para construir, sin afectar al chalet. Una casa llena de posibilidades. | |
| Grupo As Fontiñas 2, Vilalba Piso 4 Dorm 1 Baño 100m ² | 45.000€ |
| En la localidad de Vilalba (Lugo), a 30 minutos de Lugo y Ferrol y a 45 minutos de A Coruña y la costa lucense se vende piso de 4 dormitorios y sala, un baño y cocina. Se trata de un piso cuarto sin ascensor, dispone de calefacción de gas ciudad y se encuentra muy cerca de los colegios. | |
| Calle Cidade de Lugo, Vilalba Estudio/Loft 1 Baño 50m ² | 38.000€ |
| Apartamento de un dormitorio con armario empotrado, cocina-salón, despensa, un baño, garaje, trastero y ascensor. | |
| Novo Cazón 10, Vilalba Piso 4 Dorm 2 Baños 110m ² | 58.000€ |
| Se vende piso de cuatro habitaciones y sala, dos baños y cocina. La vivienda dispone de calefacción de gas ciudad y de ascensor | |
| Campo de Puente 23-25, Vilalba Plazas de garaje | 36€/mes |
| Se alquilan plazas de garaje en el sótano -1. | |
| Calle Pintor López Guntín 5, Vilalba Piso 3 Dorm 2 Baños 115m ² | 100.000€ |
| Se vende piso de 3 dormitorios, sala, 2 baños, cocina, terraza, garaje, trastero y ascensor. Muy soleado. | |
| Calvario 52, Vilalba Piso 4 Dorm 2 Baños 140m ² | 90.000€ |
| En la localidad de Vilalba (Lugo), se vende piso de 4 dormitorios y sala, dos baños y trastero. Se trata de una vivienda muy luminosa y que dispone de calefacción individual. Esta a 30 minutos de Lugo y Ferrol y a 45 de A Coruña y de la costa de Lugo. | |
| Mourence s/n, Vilalba Casa rural 4 Dorm 2 Baños 275m ² | 150.000€ |
| Se vende casa rural en la parroquia de Mourence, municipio de Vilalba (Lugo). La casa está en parte reformada y tiene un total de 275 metros cuadrados construidos. A mayores, en la finca que tiene 10.000 metros, existen varios alpendres y una capilla. La casa se sitúa a unos 3 km del centro de Vilalba. | |
| Corbelle-Forcón s/n, Vilalba Casa rural 4 Dorm 1 Baño 202m ² | 125.000€ |
| A unos 15 kilómetros de Vilalba (Lugo) y a unos dos kilómetros de la autovía A8, ofrecemos casa rural, independiente, con fachada en piedra. Tal y como está, se podría vivir en ella. En la vivienda hay cuatro habitaciones, sala, un baño y cocina, a mayores tiene una dependencia amplia que está sin acondicionar en la planta baja. A mayores tiene dos construcciones anejas de 31 metros y 114 metros y todo ello sobre una finca de 9.975 metros. | |
| Calle Foz s/n, Vilalba Terreno / Urbano (solar) 297m ² | 30.000€ |
| Se trata de un solar en el que se puede edificar: Bajo, 3 plantas y ático. | |

Inmobiliaria JRoca C/ de los Pepes 1 - 27800 Vilalba, Lugo Tel.: 600 828 720

Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco
Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles
Comunidades - Penal
Roca Abogados Carril de Catesol, 1 - 1ªA, Lugo Tel.: 982 230 337 - 600 828 720
www.rocaabogados.info

Muras aproba un presuposto de 1,8 millóns de euros para 2021

O Concello de Muras aprobou no seu último Pleno un orzamento de 1.830.120 euros para este 2021, o que supón 24.000 euros menos con respecto ás contas do ano pasado. Novamente, os servizos sociais lévanse a maior parte dos investimentos, repartidos en varios capítulos. Así para este capítulo destínanse 368.000 euros para mantemento do SAF ou do PAI, xa que no primeiro o Concello asumirá o incremento do custo da súa prestación, que subiu de 12 a 15 horas “para mellorar a calidade do servizo”, precisa o rexedor, Manuel Requeijo.

No tocante ás axudas da luz, que nesta última convocatoria se incrementaron cunha liña de 1.500 euros para pemes e autónomos, ademais de elevarse a 600 para o recibo doméstico, a partida prevista é de 77.000 euros, que tamén podería ampliarse.



Manuel Requeijo, alcalde de Muras

Sen saber que investimentos lles correponderán ao Concello doutras administracións, teñen en previsión 40.000 euros para o proxecto de acondicionamento do edificio do centro de saúde. O orzamento total é de 250.000 euros, do que estiman que a Xunta achegue a metade. O Concello tamén destina 130.000

euros para os gastos da recollida do lixo e funcionamento do punto limpo e 82.000 para organizar en 2021 as tres grandes citas turísticas do municipio, a Romaxe Artesá, a Feira do Mel de Montaña e a Feira do Poldro e do Gando do Monte. Este gasto quedaría supeditado á evolución da pandemia.

E para continuar coa promoción de Muras, aproveitando a obtención do selo Starlight, resérvanse 8.000 euros nunha partida destinada a promoción turística, que o alcalde non descarta que poda ampliarse en función dos proxectos que se aposte por levar a cabo.

BNG e PSOE secundaron os orzamentos, mentres que o PP abstívose “ao entender que se podería facer un reparto diferente dos fondos e investir máis en obras e na prestación de servizos aos veciños”.

Certame de fotografía sobre a neve

O Concello de Muras convoca a primeira edición do concurso de fotografía Neve en Muras, no que todas as persoas que o desexen poden participar ata o 17 de xaneiro.

Os participantes deben publicar nos seus perfís de Facebook imaxes de paisaxe, patrimonio ou da contorna do municipio cubertos de neve, acompañadas do hastag #neveMuras e especificando o lugar no que foron tomadas. As fotografías, un máximo de dous, non poden estar retocadas nin levar filtros.

Os gañadores serán escollidos por votación popular nas imaxes previamente seleccionadas que se subirán ao muro de Facebook do Concello de Muras, xunto aos votos do fotógrafo Marcos López Alonso e de Xaora Fotógrafos. Os vencedores recibirán vales de 100 euros en vales para gastar nos locais do municipio.

A cara escura das visitas



Un dos valados rotos polos visitantes

Muras foi un dos concellos aos que se achegou bo número de persoas, e non todas se comportaron do xeito máis cívico. Peches rotos, arames arrincados, sinalización esnaquizada ou moreas de lixo no chan son algunhas das situacións que os veciños de Muras foron atopando estes días nas súas terras. O Concello, en representación do

conxunto da veciñanza, amosou o seu pesar polos danos rexistrados, que supuxeron para moitos un gasto ou un traballo extra, tendo mesmo nalgúns casos que cambiar o gando de leira para evitar que escapase. Desde o Concello de Muras agradecen todas as visitas que recibe o municipio pero fan un chamado ao civismo.



Captura dun momento do vídeo dos veciños

Os veciños felicitan o ano cun vídeo que se fai viral

Muras uniuse de novo para sorprender e faino coa publicación dun vídeo, que xa se fixo viral, no que ademais de felicitar o ano, os seus 642 veciños reivindicaron a gran lección que, entenden, hai que extraer do pasado 2020, que non é nin máis nin menos que a importancia de vivir no rural.

“O noso portal mide 163 quilómetros cadrados”, reflicten ao falar da extensión deste Concello, e contan que todos eles coñecíanse e ben desde moito antes de que empezasen os aplausos ás oito da tarde.

Tamén, con gran retranscrición e exemplos gravados, desvelan que con carácter previo á pandemia xa dominaban á perfección a arte de falar de lonxe, así como

as distintas maneiras de saudar sen necesidade de tocarse.

Todos están preto cando é necesario, do modo que sexa, “e coidar dos maiores é algo que sempre se fixo”, profundan. No caso de que algún dos veciños enferme, a localidade ao completo pregunta e interésase.

Do 2020 os participantes neste audiovisual, a maioría avós pero tamén novos e nenos, contan que loxicamente se pasou “medo”.

E, de novo nunha chiscadela irónica, afirman que a televisión, os xornais, internet e o panadeiro que reparte polas súas casas “traían noticias cada día máis tristes do mundo que se parou en seco”.

O Concello volverá sacar en febreiro as axudas da luz

O Concello de Muras volverá sacar no mes de febreiro as axudas para o pago do recibo da luz. Aínda que a data non está concretada espérase que sexa precisamente en febreiro como todos os anos.

Este ano, as axudas contarán cunha importante novidade, que é unha nova ampliación. De feito, o Goberno local sacou adiante co voto unánime da Corporación municipal en Pleno, as bases de axuda ao pago da factura da luz, incorporando unha nova liña de axudas, destinada aos autónomos, pequenas empresas ou explotacións agropecuarias radicadas no municipio, para subvencionarlles tamén o pago da factura da luz, cunha contía fixa de ata 1.500 euros.

Esta liña incorpórase como unha medida que intenta paliar a incidencia na economía local da crise

provocada pola pandemia da covid-19, e no marco das conversas que se mantiveron entre os grupos municipais.

Ademais, manterase a liña de sempre dirixida a subvencionar os gastos domésticos con unha subvención de ata 600 euros para cada familia. O que si cambia é que para chegar á máxima cuantía elévase o tope e este cobrarse en fogares con rentas inferiores a 15.000 euros, cando antes eran para os de menos de 11.000 euros.

O alcalde da localidade, Manuel Requeijo, manifestou que “con estas bases, seguimos a senda dos últimos anos, incrementando as contías e os beneficiarios. Agora os autónomos poderán ter unha pequena axuda do concello que sempre lles vén ben, á falta de axudas da Xunta de Galicia”.

Meira conta este ano cun orzamento de case 2 millóns

O Concello de Meira contará este ano cun orzamento de 1.995.236 euros. O PSOE aprobou en solitario estas contas -o PP e o BNG votaron en contra e Galicia Sempre abstívose— que se manteñen con respecto ao ano anterior, a pesares “destes tempos marcados pola pandemia e con gastos extra”, segundo lembrou o rexedor, Antonio de Dios.

O novo orzamento municipal reforza especialmente a área de benestar social, cunha partida que ascende aos 266.000 euros. Trátase, segundo explica De Dios, “dunha clara aposta polo Servizo de Axuda no Fogar (SAF), os maiores e as persoas dependentes” ao entender que é un servizo prioritario. Outra das grandes partidas é a de persoal, que acada os 700.000 euros.

No capítulo de investimentos, o equipo de goberno de Meira aposta por “seguir coa dotación de servizos básicos aos veciños”, principalmente coa mellora dos accesos a núcleos e as traídas de auga, contando co apoio das administracións públicas, indicou o rexedor. Entre as principais actua-



O orzamento de Meira foi aprobado só cos votos a favor dos socialistas

cións previstas atópase a segunda fase da traída de auga a Louseira e Vilar da Corota, que ten un orzamento total de 80.000 euros, e a mellora da rede de abastecemento de auga coa construción dunha nova Etap no depósito de Grañanova para poder eliminar problemas de subministración e de arrastre de lodos, principalmente aos barrios de San Roque, Regolongo e Costa de Cabo, cun orzamento de 60.000 euros. Contéplanse tamén obras na depuradora municipal no marco do

convenio asinado coa Confederación Hidrográfica e a Deputación de Lugo. Este convenio dividiuse en dúas anualidades e ao Concello de Meira correspóndelle 28.500 euros.

Antonio de Dios destacou tamén a incorporación dunha nova liña de axudas a pemes e autónomos cun orzamento de 40.000 euros. “Imos estudar aínda cómo as imos sacar pero serán axudas para apoiar aos máis afectados economicamente polas consecuencias da pandemia”, aclarou.



ESCAPARATES. Asociación de Comerciantes, Empresarios e Autónomos de Meira pechou xa o I Concurso de Escaparates organizado con motivo do Nadal coa participación de preto de 40 locais, que presentaron a súa proposta de decoración a través dunha fotografía coa que se creou un álbum en Facebook. Foron os usuarios da rede social os que escolleron os gañadores. Así, o primeiro clasificado foi Haydée Floristas, que recibiu 1490 votos. O Centro Veterinario Meira fíxose coa prata con 1411 votos e finalizou con 832 en terceiro lugar Myriam Losada Peluqueros.

A oficina de Turismo retrasa a reapertura tralo traslado

A oficina de Turismo de Meira retrasará a súa reapertura na nova ubicación, debido aos inconvenientes causados polo temporal.

Así, a previsión era que coincidindo coas vacacións escolares pecharía a instalación actual, situada na praza do Convento, para abrir despois de Reis na súa nova ubicación, na planta baixa da casa consistorial, con en-

trada dende a praza principal.

A reapertura retrásase ata a próxima semana e abrirán co mesmo horario, de mañá de luns a venres (9.00 a 15.00 horas), os sábados de 10 a 14.00 e de 16.30 a 19.00 horas. Os domingos tamén ten horario especial de 10.00 a 14.00 horas. No verán amplían á tarde o horario de atención ao público durante a semana.

Rematan as obras no parque

Remataron en Meira os traballos de renovación do pavimento na senda peonil na área recreativa Profesor Río Barxa, situado no centro da vila. Estas obras, que tiñan un orzamento de final de 44.214,74 euros, executáronse con cargo ás subvencións do Fondo de Compensación Ambiental. Estas obras, que tiñan un prazo de execución de dous meses, remataron no tempo previsto.

As obras consistiron na renovación do firme dos paseos, a construción de dous novos accesos máis a reposición do escudo que hai no centro

do parque. Estas obras leváronse a cabo polos problemas que tiñan os peóns na zona, xa que o pavimento que había levantábase e era moi esvaradizo, en especial en tempos de choiva e trala caída das follas.

“Este parque está sendo moi utilizando polos veciños e non queremos entorpecer o seu tempo de lecer e de exercicio por iso puxémonos con esta obra que quedou moi ben con pavimento rugoso que xa probamos nun tramo con moi bon resultado tanto para evitar caídas como polo seu mantemento”, explica o alcalde.



Dúas imaxes do renovado parque Profesor Río Barxa. Á dereita, o escudo de Meira

MESÓN MARTÍNEZ

C/ Celso Emilio Ferreiro, 55 Baixo. 15320 As Pontes (A Coruña)
Tel.: 981 452 363 - Móvil 649 458 522
mesonmartinez@hotmail.com

REBAJAS TEXAS
MODA JOVEN

Avda. de Galicia, 61 - As Pontes T. 981 440 083
Rúa Galicia, 41 - Vilalba T. 982 511 876

f Texas Moda Joven

outeiro de rei

Descontento no BNG no último Pleno, que se puido ver on line

O Concello de Outeiro de Rei vén de crear e por ao dispor do público en xeral, unha canle en Youtube denominada Outeiro de Rei Aberto onde se pode acceder ás retransmisións en directo dos plenos municipais.

O primeiro Pleno que se puido ver con este sistema foi o último, que se centrou na súa maior parte nas propostas e iniciativas do BNG. A primeira destas propostas foi a eliminación do cobro da taxa de recollida de lixo ás construcións en estado ruinoso.

O BNG facía esta proposta argumentando que o propio regulamento do Concello así o indica, pois di claramente que esta taxa só haberá que pagala no caso de que na venda en cuestión se poida facer

uso dese servizo. E unha vez máis, o BNG levou a Pleno a necesidade de que o Goberno do Estado constrúa as infraestruturas necesarias na N-VI para que os peóns a poidan atravesar con seguridade e que se remate coa división da vila en dúas como acontece actualmente.

PAGOS UNIFICADOS. Neste Pleno tamén se presentaba un rogo para que todos os recibos e trámites económicos que emite o Concello se puidesen pagar na única oficina bancaria que existe en Outeiro de Rei, evitando ter que desprazarse a concellos limítrofes, como pasa na actualidade, e onde ademais hai que pagalos obrigatoriamente nun caixeiro automático, "cos tras-

tornos que iso provoca en moita xente".

Por parte do alcalde, xustificouse que estes recibos son os que emite a empresa privada que o Concello ten contratada para a xestión do IBI. O BNG tamén solicitou que o alcalde presentara o Proxecto Xeral de Orzamentos para o 2021 o antes posible, pois este ano, máis que nunca, "urxe ter esta ferramenta aprobada para paliar dentro do posible os efectos para as persoas que vai ter a crise económica xerada pola covid".

O BNG interpelou de novo ao alcalde, manifestando o descontento existen na veciñanza co estado da auga en canto chove cun pouco de intensidade. Nesa liña, pregun-



O novo sistema informático implantado no salón de plenos

tóuselle que é o que fai o Concello para eliminar este problema, "despois dos moitos centos de miles de euros que leva investido na planta potabilizadora e as continuas adxudicacións de obras e servizos". Ademais, o BNG tamén manifestou que desexa coñecer, "ao igual que toda a cidadanía", con que frecuencia se controla a calidade da auga e quen son os encargados de facer as análises correspondentes.

Gañadores do concurso de postais

O Concello deu a coñecer os premiados do Concurso de Postais Nadal 2020, que tivo como gañador a Iván Jesús Río Pernas. Con el tamén recibiron premio, na categoría I (de 1º a 3º de Primaria) Natalia Feijóo Alonso, Mario Yáñez González e Martina Lorenzo Ramil. Nesta categoría concedéronse accésitos a Bela Hernández Souto e Alma Díaz Vigo. Na II (de 4º a 6º de Primaria) os premios foron para Paula Novás Fernández, Olivia Lamas Ceide e Lara García Pérez con accésitos para Jimena Boo Hernández e Uxía López Neira.

O Concello reparte composteiros entre os veciños de balde

O Concello de Riotorto inicia o reparto de composteiros no marco do programa Xuntos pola compostaxe que financian a Xunta de Galicia e o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional co fin de reducir a fracción orgánica dos residuos.

As persoas interesadas en recibir nos seus domicilios estes composteiros, de 400 litros de capacidade, poden anotarse nas oficinas municipais ou no teléfono 982 346 222 ata o vindeiro 23 de xaneiro, facilitando os seus datos persoais. Para participar pídese como único requisito dispor dun espazo de horta ou xardín de 50 metros cadrados e comprometerse a facer un uso responsable do composteiro.

Os concellos de Riotorto, Meira, Pol, Ribeira de Piquín e A Pontenova forman parte tamén deste programa ambiental, pensado para a participación de preto de 1.000 veciños, que ademais de recibir de xeito totalmente gratuíto os correspondentes medios materiais para a elaboración de compost recibirán formación na materia e asesoramento continuado durante o proceso.

O Plan Básico Municipal conclúe o trámite ambiental

O Plan Básico Municipal do Concello de Riotorto avanza na súa redacción, tras concluír o trámite ambiental correspondente. A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda publicará no Diario Oficial de Galicia e na páxina web da Consellería a resolución pola que se formula o Informe Ambiental Estratéxico deste plan e na que se conclúe non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria

Cómpre lembrar que a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, como órgano substantivo e promotor, enviou a documentación relativa ao PBM a mediados do mes de outubro, momento no que se iniciou a tramitación ambiental.

Tras sometelos a un período de consultas –por un prazo de dous meses– e tendo en conta os informes recibidos e a análise da documentación presentada, a Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Cli-



mático (DXCASCC) considera que non provocan efectos ambientais significativos, xa que concretan ordenanzas, non proxectan novos desenvolvementos residenciais nin industriais, e tampouco recollen novas infraestruturas.

Por este motivo, a DXCASCC descartou sometelo ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria e vén de emitir

os informes correspondentes, finalizando con eles o trámite ambiental. En todo caso, o órgano ambiental sinala na súa resolución que se deberán ter en conta as determinacións indicadas.

As indicacións recollidas en ambos informes serán tidas en conta polo equipo redactor para preparar os documentos que se someterán a Aprobación Inicial (AI), un trámite que previsiblemente se producirá no primeiro trimestre do vindeiro ano.

O Plan Básico Municipal é unha ferramenta impulsada pola Consellería de Medio Ambiente, pensada para os concellos de menos de 5.000 habitantes que non contan con planeamento xeral.

riotorto

Certame de debuxo de Penas de Rodas

A Asociación Cultural Penas de Rodas de Outeiro de Rei escolleu aos gañadores do seu concurso de debuxo infantil organizado para alegrar as festas de Nadal. O certame dispoñía de dúas categorías, unha para nenos e nenas de entre 0 a 6 anos na que venceu Izan Rodríguez, de 4 anos; e outra para os de entre 7 a 12, na que vitoria foi para Teresa Ferreiro, de 8 anos. Os gañadores recibirán o seu premio por correo.

Xurxo Souto abre a programación do ano na Casa Museo

Este sábado, 16 de xaneiro, ás 19 horas, Xurxo Souto presenta no auditorio da Casa-Museo Manuel María, *Pangalaica. Recortes poderosos*, libro editado por Galaxia. Reanúda-se así a programación cultural neste centro, que fixo un alto no camiño durante o Nadal.

Son oitenta pequenos relatos ilustrados. As historias e as persoas maravillosas que Xurxo Souto foi atopando nas súas viaxes por Galiza adiante. Petiscos cheos de humor que acaban conformando unha cosmovisión alternativa do país: é mentira a fronteira entre o rural e o urbano.

José Seoane Álvarez - Servicios Agrícolas

Transformaciones agrarias
Desbroces y plantaciones de montes
Servicio de podas

San Lorenzo de Árbol, 13. 27800 Vilaalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138



cospeito

Muimenta repartiu 18 premios no Mercado de Nadal

A xunta directiva da Asociación de Empresarios de Muimenta, a cal engloba a gandeiros, profesionais e autónomos da Vila, informou de que durante a XII Mercado de Nadal repartíronse 18.000 rifas entre todos os clientes que tiveron os 29 negocios que participaron nesta edición.

O premio gordo da lotería de Reis recaeu no número 19570. Polo tanto, as 18 papeletas que se repartiron, rematadas en 570, foron agraciadas cun vale de 100 euros a cada unha delas. Foron repartidas en Asador O Cabuxo, Bar Alvariños, Café Bar Plaza, Dulcería Anllo, Deseños, Estación de Servizo Lagas, Ferrería Muimenta, Perriquería Raquel, Perruquería Vélica, Super Setti (nos dous), Supermercados A Tenda, Supermercado A Tenda de Teo, Perruquería Ofelia, Frutería Novo, Mercedes Abelleira Riveiro, Taxi Dolores

Darriba Lamela e Panadería Hermo. Os agraciados teñen que poñerse en contacto, ata o vindeiro 15 de xaneiro, cos negocios que repartiron as papeletas gañadoras ou cos membros da xunta directiva para facer efectivo os correspondentes vales. A entrega de premios, terá lugar o xoves 21 de xaneiro, a partir das 20 horas, dunha maneira extraordinaria, no pavillón do recinto feiral Manuel Vila López de Muimenta. Desa maneira, será máis sinxelo cumprir as normas sanitarias, vixentes estes días, sobre todo no imperante á distancia social.

Os 18 premios teñen que gastarse antes do mes (dende a súa entrega) nos negocios pertencentes ao colectivo empresarial de Muimenta. É en total, suman 1.800 euros, ademais de que tan só poderán facerse efectivos unha vez que se produza a súa entrega oficial.

O PSOE demanda a comisión de urbanismo para tratar do Pxom

Os socialistas de Cospeito mostraron o seu malestar porque o alcalde do Concello, o popular Armando Castosa, aínda non lles convocou para a comisión de urbanismo que prometera durante o último Pleno.

A voceira do partido, Rosa Morán, preguntou na última sesión en que situación se atopaba o Plan Xeral, que pechou antes do verán o tempo de exposición pública e de presentación de alegacións. "Presentáronse unhas mil alegacións que se contaba con que estiveran resoltas o antes posible

e aínda non sabemos nada", subliñou Morán que acusou ao alcalde de non respectar a promesa de convocar a comisión de urbanismo tal e como prometera.

"Volveremos preguntar no próximo Pleno ata que consigamos unha resposta e que avance a xestión do Pxom".

Así mesmo, a socialista lembrou que o equipo socialista segue sen recibir as actas das xuntas de Goberno, "tal e como indica a lei". "Recibimos unha pero nada se volveu saber porque o Concello tennos desinformados".



PREMIOS. O Concello de Cospeito acolleu a entrega dos premios Torre de Caldaloba que este ano correponderon na categoría de maiores de 18 anos a *Herdar a Fala*, de Patricia Torrado Queiruga, e *Unha teoría para os espectros*, de Abraham Pérez. En menores, o primeiro foi para *Outubro en dous actos*, de Paula Domínguez Barreiro, e o segundo *Derreiro adeus*, de María Montenegro Jamardo.

xermade

Xermade recibe unha achega para un camión contra incendios

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, e o alcalde de Xermade e deputado de Participación Cidadá, Roberto García Pernas, asinaron un convenio de colaboración entre a institución provincial e o Concello de Xermade para a compra dun camión contra incendios.

José Tomé subliñou que a achega provincial, que ascende aos 60.000 euros, "permitirá atender unha vella demanda dos veciños e veciñas de Xermade, que levaban case 30 anos solicitando esta dotación tan importante para a seguridade do concello".

Pola súa banda, o alcalde xermadense explicou que o Concello conta, na actualidade, cun pequeno camión que non cubre as necesidades para facer fronte a un lume. "Con esta nova dotación poderemos movernos con facilidade polos montes de



Firma do convenio entre a Deputación e o Concello

Xermade, que son case dous terzos do territorio, actuando rapidamente co noso servizo de Protección Civil ata que cheguen os medios especializados e coas competencias nesta materia".

O novo vehículo contra incendios

contará cunha capacidade de almacenamento de auga de entre 3.500 e 4.000 litros, "permitíndonos, ademais de loitar contra os lumes, levar auga aos pozos das casas dos veciños e veciñas cando así o necesiten", afirmou Roberto García Pernas.



O momento da entrega dos premios do concurso de decoración

Entregados os premios do concurso de decoración

Un total de 41 persoas participaron no primeiro concurso de Decoración de Nadal posto en marcha polo Concello de Xermade este mes de decembro. No grupo de negocios participaron só 4 persoas, pero no de vivendas, apuntáronse 37. Onde máis participación se rexistrou foi na de árbores de nadal, na que houbo 12 propostas e na que Montserrat Amarello Cabarcos, da parroquia de Burgás, fíxose co primeiro premio. En decoración exterior foron 11 as

propostas e destacou entre elas a de Esther Roca Barro, de Roupar. Para a decoración interior destacaron o papel de Sandra de Bernardo Eimil, de Cazás, que quedou por riba nas 9 candidaturas presentadas, mentres que en nacementos a vitoria foi para Adela Paz Balsa, de Cabreiros, a mellor de 5 aspirantes.

O negocio vencedor do concurso foi o Bar Casa, en Xermade, a cargo de María Elena Peleteiro Cespón.

O PP acusa ao Goberno de paralizar a tramitación do Pxom

O Grupo Municipal do Partido Popular preguntará ao goberno local no vindeiro pleno se ten previsto realizar os traballos necesarios para a aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal (Pxom), entre outros asuntos de interese municipal coma a titularidade das escolas das parroquias ou a reposición da legalidade con respecto a unhas obras na parroquia de Cazás. Tamén preguntarán se o goberno local informou á empresa concesionaria do mantemento do alumeadado público do fallo xerado no núcleo de A Criba, en Roupar, trala instalación do alumeadado de Nadal contratado a outra empresa.

O voceiro popular, Antonio Riveira, explica que o Pxom foi aprobado inicialmente no 2015 co voto a favor do grupo de goberno actual; pero, cinco anos despois, non se teñen noticias de avances. Riveira lamenta, neste sentido, que "a este paso o documento que se aprobou inicialmente non vale para nada, haberá que facer todo de novo".



- CONSULTORIO DE MASCOTAS E CLÍNICA DE ANIMAIS DE GRANXA

CO ANUNCIO RECORTADO 10% DE DESCONTO EN VACINAS E MICROCHIPS

R/ Gabriela Nieto Chaín, nº 20
(O Ramal) Rábade
Telf. 982 871 103

URXENCIAS
24
HORAS



O centro de menores Santo Anxo de Rábade

O PSOE reclama atención ao centro de menores

A portavoz de Política Social do Grupo Socialista, Marina Ortega, reclamoulle á conselleira de Política Social que visite o Centro de Menores Santo Anxo de Rábade para analizar in situ a alta conflitividade. Ortega sinalou que “hai que pisar terreo para gañar coñecemento”, e reclamoulle ao goberno galego que reformule o modelo de xestión do centro.

A responsable socialista sinala que “dende a administración é urxente afondar na cuestión e ver dende dentro que está a acontecer para así actuar coa máxima eficiencia e responsabilidade”. Instou á Consellería a que “estableza un diálogo de proximidade co propio equipo do centro para coñecer que está a fallar e saber unha diagnose clara para efectuar a xestión oportuna”.

Reclamoulle á Xunta que revise o

modelo de xestión do centro debido á elevada conflitividade rexistrada cos menores ingresados no que unha vez foi un dos centros de referencia de toda Galicia e exemplo na praxe e de xestión.

Ortega puntualizou que “o problema non é de persoal nin de recursos materiais, senón máis ben do propio modelo de xestión por parte da administración e da ausencia de coñecemento dos sector que se require para elo”.

O centro conta actualmente con 21 educadores, un director, unha subdirectora, conserxe, 2 vixilantes nocturnos e 4 gardas de seguridade externos para 9 menores, ademais dun investimento previsto de máis dun millón de euros xa aprobado para melloras no acondicionamento e estrutura no propio centro.

Suspendido o San Vincenzo

O Concello non acollerá este ano a súa tradicional festa de San Vincenzo, a primeira festa do ano para o Concello e na que se fai de forma conxunta a Feira de exaltación do Mexillón. Ten lugar a última fin de semana de xaneiro con tres días de celebración. Este ano, a comisión decidiu non facer as festas debido á situación sanitaria, e en especial

agora coas restricións aínda máis duras.

Tampouco terá lugar a que sería a XVIII edición do Memorial de Atletismo Eduardo Fernández Villamarín, Negrín. Nesta celebración prodúcese todos os anos unha gran concentración de persoas, polo que decidiron deixar pasar ata que mellore a situación sanitaria.

Rábade escolle un ano máis as mellores postais de Nadal

O Concello xa ten gañadores e gañadoras do 14º Concurso de Postais Navideñas. Na categoría A, dirixida a cativos e cativas de entre 3 a 5 anos, Rodrigo Fabián Sangiao Carral levou o primeiro premio. O segundo e o terceiro foron para Xiao Montes Bamonde e Jheicob Óscar Fernández, respectivamente. Na categoría B, co-

rrespondente ás idades de entre 6 a 9 anos, o ouro foi para Helena Freire Villar, seguida de Francesca Jumilla Galati e Mara Fernández Sanmartín. Por último, na categoría C, de entre 10 a 14 anos, o mellor debuxo foi o de Josué Cortiñas Romero, seguido de Aarón Camaño Gómez e de Mateo Jumilla Galati.

Sanidade podería sancionar ao Concello polo estado da traída

Un grupo de veciños de Rábade presentara unha denuncia no ano 2019 polo estado da auga da traída, concretamente a mediados do mes de xullo. Tras varias denuncias e protestas finalmente conseguiron a atención do contencioso administrativo de Lugo que fallou agora e condea á Consellería de Sanidade a incoar un expediente sancionador contra o Concello de Rábade e Aqualia.

Segundo explicaron os veciños en varias ocasións, a auga da traída ten serios problemas de turbidez derivados das crecidas do Miño. As probas presentadas polos veciños levaron ao xulgado a esta sentenza que obriga a abrir un expediente sancionador no prazo dun mes contra o Concello de Rábade por unha infracción en materia de saúde pública.

A maxistrada critica a actitude da Consellería de Sanidade durante o incidente de xullo, que archiou a denuncia veciñal e deixou pasar



Auga da traída en Rábade nunha imaxe de arquivo

o incidente cun requerimento ao alcalde para que solucionase o problema.

Naqueles dous días, os veciños realizaron análises da auga e descubriron partículas fecais, resultados que foron presentados como problema ante o xulgado. Advertiron que o Concello non deu aviso da situación de turbidez aos veciños incumprindo os protocolos establecidos.

Pola súa banda, o alcalde de Rábade, Francisco Fernández Montes,

recoñeceu as limitacións do sistema de abastecemento pero indicou que a calidade da auga está garantizada porque se fixeron melloras nos depósitos de acumulación de auga e do sistema de filtración. Afirmou que nos últimos doce meses só houbo un problema de turbidez da auga.

Achaca tamén a situación a que o servizo de traída de auga é moi antigo e hai momentos puntuais nos que non é suficiente.

Avanzan a bo ritmo as obras da nova área deportiva e de lecer

O Concello de Pol ultima os traballos da nova área deportiva e de lecer da capitalidade municipal coa construción dos accesos e a dotación de servizos ao campo de fútbol e á zona de xogos tradicionais. Tras esta actuación quedará pendente a construción dun ximnasio, os vestiarios e a tribuna do campo de fútbol, ademais da instalación das torres de luz. A previsión do goberno local é que o proxecto, cuxas obras se iniciaron hai máis dun ano, esté rematado a finais da vindeira primavera.

Os traballos para a construción das novas instalacións contan cun investimento de máis de 800.000 euros, dos que a Deputación de Lugo aportou máis de 700.000 e o resto proveñen de fondos municipais e dunha subvención do GDR-2. De feito, durante o pasado ano firmouse o convenio entre as dúas enti-

dades para poder financiar esta área deportiva coa que se intentan, como explica o alcalde, incentivar que a poboación quede na zona ou mesmo acoller visitantes e pequenos dos concellos limítrofes.

A nova área deportiva e de lecer de Pol abrangue unha superficie total de máis de 39.000 metros cadrados e sitúase nunha zona próxima ás piscinas, o pavillón, o colexio e a área de recreo do Muíño do Pacio. Contará cun campo de fútbol de céspede natural con grada e vestiarios, outro campo máis pequeno de herba artificial, unha zona de xogos tradicionais con pistas para a práctica da billarda, os bolos, a petanca ou a chave, unha pista de pádel e unha tiroliña. O alcalde de Pol ten manifestado a intención de habilitar tamén unha plataforma para caravanas e unha pista de raid hípico.

O Concello reparte composteiros de balde

O Concello de Pol inicia o reparto de composteiros no marco do programa Xuntos pola compostaxe que financian a Xunta de Galicia e o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional co fin de reducir a fracción orgánica dos residuos.

As persoas interesadas en recibir nos seus domicilios estes composteiros, de 400 litros de capacidade, poden anotarse nas oficinas municipais ou no teléfono 982 345 029 ata o vindeiro 23 de xaneiro, facilitando os seus datos persoais. Para participar pídesse como único requisito dispor dun espazo de horta ou xardín de 50 metros cadrados e comprometerse a facer un uso responsable do composteiro.

Os concellos de Riotorto, Meira, Pol, Ribeira de Piquín e A Pontenova forman parte tamén deste programa ambiental, pensado para a participación de preto de 1.000 veciños, que ademais de recibir de xeito totalmente gratuito os correspondentes medios materiais para a elaboración de compost recibirán formación na materia e asesoramento continuado durante o proceso.

Taboada y Ramos ocúpase da conservación de estradas propiedade da Deputación de Lugo

A empresa Taboada y Ramos é a responsable dos traballos de mantemento e conservación da rede viaria na zona 4 da provincia de Lugo, que se correponde aos concellos de Monterroso, Antas de Ulla, Portomarín, O Páramo, Sarria, Paradela, Guitiriz, Begonte, Friol, Guntín e Palas, unha parte deles na Terra Chá. O labor da empresa consiste en manter as vías en bo estado de forma continuada e, en especial, naqueles momentos que se precise por problemas ocasionados por condicións climáticas adversas como nevaradas, xeo, desprendementos, etc.



A zona 4 corresponde aos concellos de Monterroso, Antas, Portomarín, O Páramo, Sarria, Paradela, Guitiriz, Begonte, Friol, Guntín e Palas

Construcciones Taboada y Ramos

Unha das principais construtoras de Galicia, que apostou pola diversificación para crecer de forma sólida e sostida



A historia de Construcciones Taboada y Ramos S.L. é a dunha pequena empresa familiar fundada en 1988 por Manuel Taboada Gómez e Elisa Ramos que soubo innovar e asumir riscos dunha maneira controlada para crecer, diversificarse e consolidarse como unha das empresas de referencia en Galicia dentro do sector da construción e os servizos. Aínda que nos seus inicios a actividade da compañía centrouse estritamente no sector da construción, a evolución experimentada ao longo de 30 anos para

adaptarse ás novas necesidades do mercado levou a Construcciones Taboada y Ramos S.L. a estender as súas áreas de negocio a sectores complementarios como o dos servizos (principalmente conservación de estradas, xestión de residuos e ciclo da auga), o das concesións (autovías, residuos, saneamentos e aparcamentos) e o da enerxía (fotovoltaica e eólica). Sen perder a esencia e os valores dunha compañía de orixe familiar, na actualidade Construcciones Taboada y Ramos S.L. opera en España e en Perú, conta cun persoal medio de 160 traballadores e ao peche do exercicio de 2016 rexistrou unha cifra de negocio de 39,8 millóns de euros.



a pastoriza



A estrada L-P-1106 ao seu paso por Xemil

Adjudican as obras da estrada de Castro a Campo do Oso

A Deputación de Lugo inviste na Pastoriza preto de 170.000 euros para rehabilitar a estrada provincial LU-P-1106, que vai de Castro de Rei a Campo do Oso, pasando por Reigosa. Así o avanzou o presidente, José Tomé Roca, quen subliñou a importancia destas obras, pois esta vía soporta un elevado volume de tráfico debido aos traballos que realiza unha canteira situada no núcleo de Xemil, xustamente por onde transcorre a estrada. Así mesmo, a LU-P-1106, que vai desde o cruce de Bretoña ata Campo do Oso, é moi utilizada como saída cara Mondoñedo.

A Xunta de Goberno da Deputación vén de adjudicar estas obras, que afectarán a uns 4 quilómetros desta vía, entre os puntos quilométricos 16,9 e 20,4. Consistirán na mellora

do firme con rego asfáltico e comezarán nas vindeiras semanas, cun prazo de execución de 9 meses. A mellora da mobilidade é unhas das prioridades marcadas polo presidente no orzamento da Deputación para este ano 2021, no que decidiu aumentar as partidas para as estradas nun 14%, ata acadar os 16M€. José Tomé subliñou que con todas estas actuacións na rede viaria provincial, a máis extensa de España, con 4.200 quilómetros, e tres veces superior á da Xunta en Lugo, a Deputación de Lugo segue traballando “nun dos nosos principais obxectivos, como é a mellora das comunicacións viarias, necesarias para aumentar a calidade de vida dos veciños e veciñas, e favorecer a igualdade de oportunidades e o reequilibrio territorial”.

Suspenden 3 meses a feira en Bretoña

A localidade de Bretoña non poderá celebrar durante tres meses a súa feira mensual debido ao impacto da covid-19 na localidade a causa dun gromo importante na residencia de maiores.

Esta cita, que ten reservado no calendario o segundo sábado de mes, xa non tivo lugar en xaneiro e mentres non se logre controlar a situación na zona non poderá volver abrirse, tal e como aconsellaron as autoridades sanitarias.

O PAI abre un novo prazo de inscrición

O Concello da Pastoriza abriu un novo prazo de presentación de solicitudes de novo ingreso para o Punto de Atención á Infancia no presente curso ao ter tres prazas vacantes sen que exista lista de espera.

O prazo de solicitude remata o 30 de xaneiro e esta ten que facerse pola vía habitual no Rexistro do Concello. Ademais de cubrir o correspondente impreso de solicitude, os interesados deberán presentar documentación xustificativa.

Reparten composteiros de balde

O Concello da Pastoriza inicia o reparto de composteiros no marco do programa Xuntos pola compostaxe que financian a Xunta de Galicia e o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional co fin de reducir a fracción orgánica dos residuos.

As persoas interesadas en recibir nos seus domicilios estes compos-

teiros, de 400 litros de capacidade, poden anotarse nas oficinas municipais ou no teléfono 982.332.197 ata o vindeiro 23 de xaneiro, facilitando os seus datos persoais. Para participar pídese como único requisito dispor dun espazo de horta ou xardín de 50 metros cadrados e comprometerse a facer un uso responsable do composteiro.

castro de rei

Manuel Becerra conta xa cun monolito na Ponte de Outeiro

O escritor, humanista, e ex-Ministro Manuel Becerra Bermúdez, recibiu xa a súa homenaxe na parroquia natal de Santa María de Outeiro en Castro de Rei nun acto no que se descubriu unha placa en recoñecemento a esta figura tan senlleira do s.XIX, e coincidindo co 200 aniversario do seu nacemento.

O voceiro do PSdeG, Jose Luís Castro Tellado, sinalou que “esta pequena homenaxe á figura de Becerra, contribúe a poñer en valor o noso legado histórico e cultural, e ao mesmo tempo é unha oportunidade para dar a coñecer a vida e a obra dun político e unha humanista fundamental na historia do s.XIX, do que todas as veciñas e veciños nos temos que sentir moi orgullosos”, relatou.



O monolito colocado en decembro

Manuel Becerra Bermúdez foi elixido fillo preclaro e predilecto de Lugo pola Deputación no ano 1888. Destacou como Fundador do Parti-

do Demócrata., fervente defensor da democracia, e tamén exerceu como Ministro, ata en sete ocasións. Foi diplomático co Vaticano, e conseguiu que a Igrexa xurara a Constitución de 1868.

Ingresou na Real Academia de Ciencias Exactas, Físicas e Naturais. A súa proposta de “Monarquía Federal”, foi o antecedente do noso “Estado de Autonomías”. No eido educativo foi defensor a ultranza da inclusión da Educación Física como asignatura obrigatoria no Bacharelato”. Tamén presidiu o histórico Centro Galego de Madrid, promotor da celebración do San Froilán en Madrid. E as súas xestións facilitaron a construción dun Campo de Tiro de San Cibrao, a Escola Preparatoria Militar e a Escola de Artes e Oficios.

O Concello contará en dous meses cun punto limpo móbil

O Concello de Castro de Rei contará cun punto limpo móbil, tal e como informou o seu alcalde, Francisco Fernández Balado. De feito, vén de sacar a licitación a adquisición dun remolque multiservizos para a xestión de residuos de competencia municipal, xunto cunha caixa punto limpo móbil, unha caixa bañera para restos de obra, unha caixa aberta interior para voluminosos e outra caixa aberta para restos de poda. Os plans do Concello consisten na recollida de enseres, restos de poda, pilas ou enseres voluminosos

por cada parroquia deixando unha semana para cada unha delas, e unha vez que se termine volver a comezar o percorrido.

O proceso de licitación ten de prazo quince días para presentar ofertas mentres que a posta en marcha do servizo será de dous meses, co que debería estar en marcha para finais de febreiro ou principios de marzo.

O obxectivo deste plantexamento é favorecer a xestión de residuos especiais de competencia municipal co fin de lograr a súa adecuada

recollida, clasificación e preparación para a reutilización, en liña cos obxectivos establecidos no Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia 2010-2022 dentro das axudas cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020.

O Concello conta cun investimento total de 34.344,64 ive incluído, ao que se engadiría despois o gasto para o servizo, que é de 6.954,79 euros e que estará ao cargo do Concello.

O FSF Castro convírtese en Rei Mago

Un ano máis o club de fútbol sala feminino FSF Castro volveu ser un exemplo de solidariedade e rematou o tempo de Nadal co reparto de lotes de alimentos, xoguetes e roupa ás familias que se atopan en situación de risco de exclusión social.

A entidade deportiva iniciou a recollida un mes atrás, tal e como fai dende hai cinco anos, aínda que nesta ocasión co obxectivo máis forte debido á crise sanitaria actual, que está a causar unha forte crise económica. Se antes eran só agasallos, nesta ocasión tamén recolleron roupa. E como en tempos así a xente aínda é máis solidaria, as doazóns foron maiores. Trala recollida, veu o traballo de desinfectar, limpar e envolver



Directiva do club cos produtos recollidos

para posteriormente repartir as cousas entre as familias. E neste labor participaron todos os membros do club e mesmo os familiares, xa que o labor vai máis aló.

De feito, ata o patrocinador do club Bloques Cando sumouse á iniciativa aportando a furgoneta onde se repartiron os agasallos mentres as propias xogadoras fixeron de paxes.

DEPUTACIÓN

O Pleno saca adiante as bases para o Plan Único do 2021

O Goberno da Deputación de Lugo sacou adiante as bases do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2021 no pleno da Corporación provincial. O presidente da institución, José Tomé Roca, subliñou que a aprobación das bases no ano anterior ao da súa vixencia, por primeira vez dende que existe o plan, é unha das novidades do programa de investimentos, xunto coa subida da dotación económica ata os 21,5M€, a posibilidade de imputar gastos de contratación de persoal dende principios de ano e a apertura dunha nova vía de apoio ao sector servizos para favorecer a recuperación dunha das actividades económicas máis gravemente afectadas pola crise da Covid-19.

A voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, subliñou que “hoxe temos unha boa noticia para os 67 concellos da provincia e, por elo, unha boa noticia para os veciños e veciñas da provincia. Dentro do noso compromiso de máxima cooperación cos concellos, cada ano tratamos de incorporar melloras no Plan Único. Melloras pensadas para facilitarles aos concellos a planificación e a xestión dos investimentos e para que estes fondos sirvan da mellor maneira posible para atender as necesidades da veciñanza”.

Nesta liña, a deputada explicou que durante o ano 2020, a Deputación abriu unha nova liña para que os concellos puideran promover medidas sociais e económicas de loita contra o impacto da COVID-19. “Nesta ocasión, volvemos a incorporar melloras no Plan Único de cara a un ano no que os concellos necesitan maior colaboración para combater a crise provocada pola pandemia e favorecer a recuperación social e económica”, recalcou.

DOTACIÓN ECONÓMICA. Neste senso, García Porto indicou que o Goberno da Deputación aumenta a dotación económica do Plan Único ata alcanzar os 21,5M€, unha cantidade que se chegará coa incorporación de remanentes. “Con esta decisión seguimos reforzando o principal instrumento de cooperación cos concellos que temos na Deputación. Isto é especialmente importante nun ano no que os concellos teñen máis necesidades polos efectos da crise sanitaria, sobre todo aqueles máis pequenos nos que boa parte da actividade depende dos recursos económicos aportados pola Deputación”.

| CONCELLOS | ACHEGA PLAN ÚNICO 2021 |
|--------------------|------------------------|
| ABADIN | 339.356,28 € |
| BEGONTE | 299.604,19 € |
| CASTRO DE REI | 394.149,88 € |
| COSPEITO | 364.558,82 € |
| FRIOL | 412.858,19 € |
| GLITIRIZ | 445.723,03 € |
| MEIRA | 223.430,82 € |
| MURAS | 289.252,68 € |
| OUTEIRO DE REI | 357.278,65 € |
| PASTORIZA (A) | 326.821,78 € |
| POL | 270.168,85 € |
| RABADE | 195.610,49 € |
| RIOTORTO | 239.254,43 € |
| VILALBA | 500.000,00 € |
| XERMADE | 309.748,20 € |
| TOTAL DA PROVINCIA | 21.500.000,00€ |

Ao mesmo tempo, a deputada puxo en valor esta decisión “ao cumprir co recollido no pacto de Goberno de incrementar progresivamente o orzamento do Plan Único, na medida das posibilidades. Pola contra, a Xunta de Galicia, ademais de ignorar ás deputacións e aos concellos para abordar a crise da pandemia e con cargarlles máis competencias sen aportar recursos, nos Orzamentos para o ano 2021 recorta as transferencias aos concellos nun 6,4%”.

PREVISIÓN. Así mesmo, a voceira do Goberno salientou a antelación para aprobar o Plan Único da Deputación. “Por primeira vez dende que existe este Plan, aprobamos as bases no ano anterior ao seu período de vixencia. Isto é moi importante para os concellos porque lles permite traballar con moita maior previsión; poderán empezar na primavera verán as obras, a época máis propicia para facelo, e terán máis tempo para executar as actuacións que financian con cargo ao Plan Único. De feito, prevemos abrir xa a principios de xaneiro o prazo para que poidan presentar os proxectos que queren desenvolver cos fondos do Plan Único, cando nos últimos anos o prazo abríase na primavera”.

García Porto explicou que outra decisión que axudará aos concellos a aproveitar mellor o Plan Único é que poderán imputar con cargo a estes fondos os gastos de contratación de persoal dende principios

de ano. Isto favorecerá a creación de postos de traballo, e facelo dende primeiros de ano, unha medida que terá carácter permanente, pero que o vindeiro ano será especialmente importante para contribuír á recuperación do mercado laboral.

SECTOR SERVIZOS. A voceira socialista do Goberno subliñou que outra das grandes novidades do Plan Único 2021 é que, “dentro da liña COVID, abrimos unha nova vía para que os concellos poidan apoiar ao sector servizos: á hostalería, ó turismo e ó comercio, actividades que resultaron das máis gravemente afectadas polo impacto da pandemia e que son o músculo da actividade económica da provincia”. “Con esta nova medida volvemos a demostrar que as políticas da Deputación están pegadas á realidade da provincia de Lugo e que axudan a recuperar os sectores produtivos, dentro das nosas competencias e cos recursos dispoñibles”, subliñou García Porto.

Finalmente, García Porto incidiu en que o Plan Único 2021 mantén a súa esencia, como é a distribución dos fondos en función de criterios públicos e obxectivos, como a poboación, a superficie, a dispersión territorial e a taxa de envellecemento. Ademais, como en anos anteriores, fíxase un máximo de 500.000€ para os concellos de máis habitantes, e de 200.000€ para os concellos que teñen menos habitantes.

Os orzamentos de 2021 están en vigor dende o 1 de xaneiro

Os orzamentos da Deputación de Lugo para o ano 2021, que ascenden a 92,5M€, entraron en vigor o 1 de xaneiro tras publicar o Boletín Oficial da Provincia (BOP) a súa aprobación definitiva, acordada pola Corporación provincial no último Pleno ordinario tras desestimar a única alegación presentada.

A Deputación de Lugo dispón de 2021 cun orzamento de 92,5M€, un terzo dedicado a políticas sociais, para seguir traballando da man dos concellos e do tecido social e produtivo de cara a mellorar e aumentar os servizos públicos, e favorecer a reactivación da economía fronte aos efectos da pandemia.

Para elo, o Goberno provincial reforza as súas liñas de acción prioritarias: as políticas sociais, o apoio aos sectores produtivos estratéxicos, a cooperación cos concellos e a mellora da mobilidade.

En canto a políticas sociais, ás que dedica 30M€, destaca a subida dos investimentos para o mantemento

e a creación de emprego ata chegar aos 9M€, o que supón o dobre que os fondos destinados a este fin neste 2020.

Así mesmo, os orzamentos contemplan 8M€ para a rede de centros públicos de atención a maiores, coa previsión de abrir catro residencias, a de Castroverde, xa en marcha, e as de Pedrafita, Meira e Navia, o que supoñerá a creación de 190 novas prazas asistenciais e de 100 postos de traballo directos no rural. Polo que respecta ao apoio aos sectores produtivos da provincia, destacan as partidas para accións enfocadas ao sector agrogandeiro, forestal e do mar, que suben un 13%, ata os 2,3M€, e os fondos para turismo, que aumentan un 10%, ata os 3M€.

O principal instrumento de cooperación cos concellos co que conta a Deputación, o Plan Único, sube ata os 21,5M€ e abre unha nova liña de apoio ó sector servizos que resultou dos máis afectados pola crise.



Máquina traballando na estrada de Momán ás Pontes

Adjudican un novo tramo na estrada Momán-As Pontes

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, adjudicou as obras dun novo tramo da estrada provincial LU-P-2204, que une o núcleo de Momán, en Xermade, coas Pontes por un importe de 251.000 euros.

Os traballos, cun prazo de execución de 6 meses, afectan ao treito que discorre entre os puntos quilométricos 7 e 8,3. Tendo en conta que a vía ten unha lonxitude de 9,8 quilómetros, unha vez executados estes traballos, tan só restará pouco máis dun quilómetro para completar o acondicionamento total da vía. O presidente confirmou que o proxecto para acometer este último tramo será redactado neste ano 2021.

A Deputación destinou 800.000€ á mellora dos 7 primeiros quiló-

metros, aos que agora se suman 251.000 para acondicionar 1,3 quilómetros máis, co cal o investimento da institución provincial nesta estrada ascende ata o momento a 1M€.

As obras contratadas pola Deputación consistirán na mellora do pavimento con aglomerado en quente, incremento da seguridade cunha nova sinalización horizontal mediante marcas reflexivas brancas e reinstalación da sinalización vertical e os sistemas de contención que se vexan afectados polo ensanche da vía.

O Presidente provincial recalcou a importancia desta estrada, “pois vertebrada o concello de Xermade e toda esta parte da provincia, dando servizo aos veciños e veciñas de Momán e comunicando coas Pontes”.

TERRA CHÁ

A lotería de Nadal e de Reis deixou algúns agraciados

Burela e Guitiriz foron os dous municipios da provincia de Lugo agraciados no Sorteio do Neno, que se celebrou o día 6 de xaneiro. Na localidade mariñá caeu o primeiro premio mentres que para Guitiriz foi parte do terceiro. Ademais, a veciña As Pontes foi tamén un dos núcleos agraciados co primeiro premio, que correspondeu ao 19.570. Está dotado con dous millóns de euros por serie, por tanto 200.000 euros ao décimo. Os agraciados foron os policía locais.

O terceiro foi moi repartido en Galicia con afortunados en Guitiriz, na provincia de Lugo así como Boiro e Carballo, na Coruña, e Leiro e Muíños, en Ourense. Foi para o número 5.587, que está dotado con 250.000 euros por serie, por tanto 25.000 euros ao décimo.

NADAL. O Sorteio da Lotería de Nadal tamén aterrou na comarca de forma simbólica. Un dos quintos premios, o 86986, caeu en parte en Castro Ribeiras de Lea, onde se vendeu un boleto na administración situada na praza García Abad, Casa Carreira. Este número está premiado con 6.000 euros ao décimo e 60.000 euros á serie. O segundo premio en saír foi o 37023, tamén moi repartido pero que polo momento non parece que caera na provincia.

A covid-19, descontrolada tralo Nadal

O gromo na residencia da Pastoriza e Vilalba que non baixa son os eixos da problemática na comarca


As residencias de maiores volven ser este ano que vén de comezar o obxectivo da covid-19 que volve campar ás súas anchas por todo o mundo con cifras descontroladas, condicionadas por la relaxación das medidas durante as festas de Nadal. Debido a que se reducen os desprazamentos entre localidades como unha medida máis de control, os diferentes gromos que se están dando circunscribíense en moitos casos aos propios termos municipais e veñen condicionados, en moitas ocasións, pola entrada do virus nas residencias de maiores.

Así pasou na de Bretoña, na Pastoriza, onde xa se rexistrou o primeiro falecemento tras o contaxio de maiores e cuidadores. Esta mesma situación vivíuse durante o Nadal en Xove, Ribadeo ou Burela, malia que neste Concello o gromo comezou unha vez iniciada a primeira fase da vacinación. En Vilalba, a situación non mellora dende hai tempo e non consegue dobrear a curva mantendo un goteo constante de casos. Mentres continúa o proceso de vacinación, a situación epidemiolóxica na provincia de Lugo continúa á alza, aínda que de forma máis lenta. Por riba xa dos 800 casos activos, o ritmo de novos contaxios detectados diariamente ronda xa os cen, algo que se compensa coas altas médicas, pero que non consiguen paliar o

incremento da curva.

Dende que comezou a pandemia, no mes de marzo do pasado ano, hai preto de 8.000 casos rexistrados na provincia e máis de 150 persoas falecidas, unha cifra que está desvirtuada porque varios veciños morreron en hospitais doutras áreas ao ser trasladados das residencias afectadas e non computan en Lugo. E a que sobe novamente é a presión hospitalaria. Malia que a UCI chegou a estar baleira, xa ten pacientes de novo e as plantas seguen a acoller persoas. No resto da provincia preocupa moito o descontrol de contaxios en Viveiro e Xove e o último gromo detectado en Monforte e Sarria.

NOVAS NORMAS. Debido á situación incontrolada que se está a vivir, o Goberno Galego estableceu novas medias de contención como adiantar o toque de queda unha hora, ás 22.00 horas, e que toda a hostalaría deberá peche a partir das 18.00 horas deixando o horario límite dos comercios ás 21.30 horas. Así o anunciou hoxe o comité clínico, que insistiu moito na prudencia e en evitar as reunións con non conviventes, que están limitadas a catro persoas en toda a comunidade. Estas novas restriccións engloban a todos os concellos deixando só dous niveis de restriccións, os dous máis altos.



As novas restriccións en Galicia

- Toque de queda ás 22.00.
- Peche dos comercios ás 21.30 horas e aforo limitado á metade. Nos centros comerciais prohibidas reunións persoais.
- A hostalaría pecha ás 18.00 horas, cun 30% de aforo no interior e 50% no exterior nos municipios con restricción medio-alto, e do 50% no exterior no extremo.
- As reunións estarán restrinxidas a un máximo de catro persoas. Recomendán non xuntarse nos domicilios con non conviventes.
- As actividades deportivas cun máximo de catro persoas e un aforo en interiores do 50%. Os locais culturais só poderán ter un máximo de 500 persoas ao aire libre e 250 no interior, e sempre sentados.
- Todas as cidades estarán pechadas a entradas e saídas salvo para actividades esenciais. Os peches son individuais, xa non haberá améndoas de varios concellos entre os que si se permita a mobilidade.

Adamo busca o pobo máis amado

Adamo pon en marcha un concurso para descubrir cal é o pobo máis amado do país. Non se trata de dar coa localidade cuxos habitantes teñan maior sentimento pola mesma. O obxectivo real desta iniciativa é lembrar e destacar as virtudes das formas de vida que se desenvolven no mundo rural.

En Adamo preténdese dar cobertura aos profundos cambios vitais, sociolóxicos, sanitarios, sociais e laborais que xa son unha realidade tras a irrupción do coronavirus. Desde o cambio de domicilio a municipios con menos poboación e as citas médicas por Internet, pasando polos xa imprescindibles teletraballo e formación en remoto, ata o comercio e o lecer en liña.

Esa volta ás orixes ha de ir acompañada dunha igualdade de oportunidades -tamén tecnolóxicas e de telecomunicacións- para o ámbito



rural en relación ás contornas urbanas. Para iso, resulta clave que a fibra óptica chegue a todos os recunchos e ás zonas desconectadas. Os propios veciños dos pobos, así como simpatizantes destes, poderán enviar fotos de lugares emblemáticos, bonitos ou con algunha significación. Calquera imaxe que

cada participante prefira, que sirva para ilustrar a beleza de cada sitio, a forma de vivir, a historia, a gastronomía, etc. Tamén vídeos con testemuños para que aqueles poidan relatar por que cren que o municipio en cuestión é o máis querido. Ao obxecto de recibir ese material Adamo habilita unha web para as votacións, que lanzarán un gañador cuxos habitantes se beneficiarán dunha oferta exclusiva, así como o seu concello terá un ano gratis de conexión a Internet. Así, Adamo fará posible que 'a poboación máis amada' convértase tamén na mellor conectada coa fibra óptica máis rápida que existe no mercado. Jesús Calleja, o popular presentador de televisión e embaixador de Adamo, colaborará na procura dese municipio tan especial facendo unha visita ao gañador.

A RAG dedicará o Día das Letras Galegas do 2021 a Xela Arias

A Real Academia Galega dedicarálle a Xela Arias (Sarria, 1962 – Vigo, 2003) o Día das Letras Galegas de 2021. O Pleno da institución acordou na sesión celebrada esta tarde homenaxear o ano que vén a quen foi unha das voces máis destacadas da poesía galega contemporánea. Xela Arias é autora dunha poesía singular, transgresora, sincera e comprometida que será celebrada ao longo dun 2021 durante o cal a RAG lembrará ademais o seu labor como editora e tradutora que verteu milleiros de páxinas de clásicos ao galego. Por idade, Xela Arias formou parte dun grupo de poetas que tamén recibirán a homenaxe da RAG a través dela: o dos mozos e mozas que renovaron a poesía a partir dos primeiros 80 en temas, estilo e forma. Pero a dela é unha desas voces singulares e inclasificables, de tal maneira que —



Xela Arias

en palabras de Ana Román— o seu é un nome que se pronuncia sen xeración. A protagonista das Letras Galegas 2021 concibía a poesía como un xeito de indagar e cuestionar a orde das cousas, de describir o que se aprende a ocultar.

Postergel volverá por fascículos

O grupo vilalbés sacará, despois de tres anos, novos temas creados durante o confinamento e farao durante este ano mes a mes

Por Claudia López

Aló polo verán de 2003 un grupo de amigos de Vilalba comezou a xuntarse para facer unha das cousas que máis lles gustaban, crear, sentir e gozar coa música. José Manuel Fernández coa man no micro e na guitarra, Luís Mato ao baixo, Juan Manuel Rego dono da batería e Jesús Iglesias facendo soar tamén a guitarra, bautizáronse como Postergel. A banda de indie rock comezou así as súas andainas polos escenarios, sacando as súas primeiras maquetas en 2005 e 2009 e publicando dous álbums, *Curvatura Espacio Tiempo* en 2012 e *Microuniversal* en 2017. Tras facer presenza en festivais de referencia como o FIV de Vilalba, acabaron por incorporar unha nova voz ás súas notas, a da francesa Katerine Pelletier.

O REENCANTO. Malia que iso de interpretar os pentagramas seguía a ser a súa paixón, o grupo chairego levaba xa tres anos sen poñerse mans á obra con novas creacións. Tivo que pararse o mundo, para que eles, coma o resto dos mortais, se deran conta de que as cousas que realmente fan vibrar son aquelas polas que realmente merece a pena vivir. “Estábamos un pouco distraídos por temas laborais, a música non era o noso sustento e cada un tiña a súa vida, pero co confinamento volvémonos reencontrar. En vez de pasar o rato no sofá, decidimos comezar a facer algo”, di José Manuel ao explicar como foi a nova posta en marcha do grupo, que se atopa a piques de sacar un novo sinxelo. Todo isto xurdiu “como quen non



Á esquerda, a portada do álbum de Postergel que sairá mes a mes durante todo ano 2021 e, á dereita, a do seu sinxelo ‘En mi cama’ deseñada por Luis Mato

quere a cousa”. A banda foi un dos millóns de usuarios de Skype durante a pandemia e “nunha videochamada para poñernos ao día e saudarnos, algún dixo que había feito unha melodía e comezamos a escoitarnos, a facer cancións... saían máis e máis, iso non se podía quedar aí”, comenta o vocalista do grupo vilalbés.

COMPOÑER TELEMÁTICAMENTE. As novas tecnoloxías e a rede foron clave para que Postergel puidera reunirse, posto que na actualidade non todos fan a súa vida na contorna vilalbés. Como din no seu tema *El Rey del Color*, os músicos tiveron que adaptarse “como un camaleón cambiando de color”. O integrante da banda explica que “para compoñer a distancia seguimos a mesma práctica de sempre. Habitualmente un de nos facía a melodía dunha canción,

chegábamos ao ensaio e empezábamos a traballar sobre ela. No confinamento foi o mesmo, pero cambiamos o local de ensaio pola rede. Usábamos o correo electrónico ou o WhatsApp para pasarnos os arranxos e lle dábamos forma a cada canción, non nos quedaba outra”. Agora, a distancia xa non é un impedimento, “cun ordenador, unha tarxeta de son e un programa decente se poden facer temas”. Pero hai cuestións que non se viven do mesmo xeito sen contacto, “o único inconveniente é non poder mirarnos realmente aos ollos e entendernos mellor, as cousas cara a cara saírían de diferente maneira porque o proceso telemático é mais mecánico e se nos xuntamos e nos poñemos a improvisar podemos aportar algo ao momento, emocións que saen do propio contacto. A través do ordenador é diferente, pero é a



adaptación ao medio, a posibilidade de que poidan saír novas cancións malia estar cada un na súa casa, é unha forma de traballar que se vai quedar”.

“Comezamos a escoitarnos, a facer cancións, saían máis e máis... iso non se podía quedar aí”

UN ÁLBUM MENSUAL. O traballo durante os meses de confinamento foi intenso, a banda xa ten totalmente rematadas “entre cinco e seis cancións”, ademais dunhas cantas máis ás que só lles faltan “cousas por pulir”. Sen embargo, xa que o proceso e máis o momento de creación dos novos temas non foi o habitual, non ía a ser menos o formato do lanzamento. Postergel quixo innovar tamén coa publicación das súas novas pistas e en lugar de sacar de cheo un álbum tradicional, “ocorréusenos a idea de plasmar unha canción cada mes durante este ano”. E así o farán dende este xaneiro, publicando cada día 1 do mes a portada do sinxelo e os días seguintes a canción en streaming ata ter, en decembro, o álbum completo. O primeiro será *En mi cama*, que verá a luz entre o 15 e o 20 deste mes en plataformas coma en Spotify, onde xa teñen publicados os seus dous anteriores álbums. O grupo comenta que a decisión de sacar deste xeito os temas veu motivada porque “pensamos que sería máis factible para nós presentando as cancións mes a mes, non temos unha dedicación exclusiva á música, cada un ten o seu traballo e así pode-

mos darnos máis marxe. Non nos tivemos que sentir aprisionados para sacar de golpe 12 cancións e así traballamos máis cómodos, trae consigo moita dificultade editar un disco cos medios que temos”. Ademais, consideran que esta é unha boa forma de explotar as súas redes sociais e estar activos para o seu público, “así poderemos estar presentes durante todo o ano e ter contido que amosar máis a miúdo. Iremos pouco a pouco incluíndo sorpresas”.

MESMO CARÁCTER. Aínda que xogarán “con algún ritmo máis lento”, as cancións que veñen seguen a ter a esencia do grupo e mantendo o seu estilo. A maiores aportarán “máis participación da voz de Katerine”. Unha vez salga o primeiro sinxelo, estrearán tamén o vídeo de *En mi cama* e dese xeito cada mes do ano deixará novos acordos de Postergel. Así, por fascículos, fan fronte á complicada situación que deixou a covid19 no sector musical. Aínda que explican que non se adican integramente á música e fan todo isto porque “é o que nos gusta e nos une”, non descartan que, cando se poida, “volvamos actuar en directo como antes e poidan seguir saíndo máis cancións”. Polo momento quedalles traballo todo o ano por diante e “iremos vendo como evoluciona todo”. Confían en que o seu proxecto teña boa acollida porque “a xente cada vez consome máis música mediante as plataformas en streaming e se che gusta unha banda segues escoitándoa da maneira que sexa aínda que agora non se poda ir a concertos”. Pero teñen moi claro “cando sexa posible actuar en directo a xente o collerá con moitas gañas, será unha gozada volver saír a dalo todo”.



Unha imaxe do grupo chairego sobre o escenario actuando no ano 2018 no festival FIV de Vilalba

Estradas provinciais



A Deputación concedeu a Isidro Hermanos Blanco Trigo a conservación de estradas nunha das zonas da provincia de Lugo

A empresa chairega Isidro Hermanos Blanco Trigo é a responsable dos traballos de mantemento e conservación da rede viaria na zona 3 da provincia de Lugo, que se corresponde aos concellos de Cospeito, Outeiro

de Rei, O Corgo, Baleira, Baralla, Rábade, Meira, Pol, Castro de Rei, Lugo, Castroverde e Láncara, a maior parte deles da comarca da Terra Chá.

O labor da empresa consiste en manter as vías en bo estado de forma continuada e, en especial, naqueles

momentos que se precise por problemas ocasionados por condicións climáticas adversas como nevaradas, xeo, desprendementos, etc. Así foi tras as últimas nevaradas rexistradas na comarca, onde traballaron arreo para abrir a circulación o antes posible.



A zona 3 corresponde aos concellos de Cospeito, Outeiro de Rei, O Corgo, Baleira, Baralla, Rábade, Meira, Pol, Castro de Rei, Lugo, Castroverde e Láncara



TRABALLOS A REALIZAR

- Sinalización e/ou balizamento provisionais inmediatos se houberse condicións anormais ou perigosas para a circulación, mesmo cortes á circulación.
- Intervención en caso de accidente de circulación.
- Limpeza de verteduras accidentais de aceites, gasóleos e outros produtos.
- Atención á vialidade en episodios de climatoloxía adversa.
- Retirada de animais vivos ou mortos, lixos e doutros obxectos depositados sobre a calzada ou zonas adxacentes á mesma.
- Retirada e limpeza de arrastres, aterramientos, esvaramentos ou desprendementos ocasionais na calzada ou zonas adxacentes á mesma.
- Retirada de árbores caídas ou que ameacen caída sobre a calzada.
- Tratamento preventivo antixeo con maquinaria de extensión de fundentes.
- Tratamento curativo antixeo con maquinaria de extensión de fundentes.
- Retirada e despexe de xeo.
- Retirada de neve con maquinaria de empuxe.
- Limpeza de calzadas, illores, beiravías, beirarrúas, bermas e áreas adxacentes á estrada e retirada de lixos.
- Bacheos puntais.
- Inspección visual da calzada e/ou zonas adxacentes así como de elementos da estrada (obras de fábrica, sinais, noiros, etc.).
- Limpeza ou reparación da drenaxe superficial (cunetas, baixantes, bordos, cauces, sumidoiros, arquetas, pozos de rexistro, caños, gabias, pequenas obras de fábrica, etc.).



Isidro Hermanos Blanco Trigo

Experiencia, profesionalidade e garantía en obras forestais e públicas desde 1962 en toda a comarca da Terra Chá



Os comezos desta empresa remóntanse ao ano 1962, cando Benjamín Blanco, pai de familia numerosa, opta por traballar de aprendiz de tractorista nunha zona de colonización na comarca da Terra Chá. Un ano máis tarde independízase e compra o seu primeiro tractor realizando tarefas agrícolas para outros agricultores. No ano 1985 os fillos de Benjamín Blanco únense para continuar o labor do seu pai, e nace así Transformacións Agrarias Isidro Irmáns Blanco Trigo, SL, cun marcado carácter familiar, que demostran ao engadir na súa denominación social o nome de Isidro, o cal permaneceu na súa familia desde fai máis de cinco xeracións pasando de pais a fillos. Pronto diversifican a actividade da empresa, que deixa de ser unicamente agrícola e forestal, para

ampliar o seu campo de actuación á construción de obra pública e privada, realizando traballos de escavación e movemento de terras, obras de saneamento e abastecemento, pavimentación e transportes. Isto permitiu ofrecer un mellor servizo aos clientes, e satisfacer un maior número de necesidades. Nun proceso de continua evolución, Transformacións Agrarias Isidro Irmáns Blanco Trigo, SL ampliou e modernizou o seu parque de maquinaria, sempre buscando unha maior calidade no traballo, unha maior produtividade e poder avalar a capacidade da empresa para realizar obras de gran envergadura. Actualmente a empresa conta cun persoal que rolda os 40 empregados e realiza actividades preferentemente na comunidade autónoma de Galicia, aínda que dependendo da carteira de pedidos e grazas á infraestrutura que se alcanzou, pódese desprazar a calquera punto da comunidade económica europea. Durante os últimos exercicios, Transformacións Agrarias Isidro Irmáns Blanco Trigo, SL aumentou o seu volume de negocio, gañando en experiencia e capacidade para a consecución do seu principal reto: satisfacer as necesidades de todos os clientes.



DEPORTES

O Riotorto FC xa ten listo o equipo

O Riotorto FC xa ten deseñado o plantel co que xogarán esta tempada á espera de que se inicie tralo parón orixinado polo coronavirus por parte da Federación Galega de Fútbol.

Así, este ano renovaron Juanmi, Manu Roca, Isaac, Fran Pastor, Chisco, Coedo, Manu Carreira, Samuel, Ferreirós, Suso, Pablo Vivero e Michi e producíronse catro incorporacións. A máis destacada é a chegada de Jadri á dirección técnica do equipo procedente do Folguevo. Tamén se incorporan no campo Carlitos e Ibai, ambos os dous procedentes do Pol e Álex Paz que deixa o Foz.

Ademais, os adestradores Roberto e Fidalgo marchan para o Lourenz e o Castro, respectivamente. Ao Pol van Dani Roca, Parapar e Pablo Ruiz. Tamén ao veciño equipo de Meira marchan Lourido, Álex e Alberte; mentres Borja fichou polo Abadín CF e Tejada polo CD Corgo.

Ademais, o club puxo á venda as máscaras rotuladas co logo. Hainas en vermello, negro e azul mariño e véndense a dez euros unidade.



Luis Penín escalando

Luis Penín volve ser candidato ao Fedme

Luis Penín, escalador de raíces friolesas, volve colocarse entre os candidatos para o premio Fedme na categoría de escalada en xeo e dry tooling. Trátase dunha especialidade que mestura a escalada por xeo e roca e que se practica en zonas nas que as cascadas de xeo non se chegan a formar de todo.

Neste caso, é aspirante xunto co seu compañeiro David López, e ambos os dous compiten con outras 21 candidaturas para a obtención do galardón outorgado pola Federación Española de Escalada e o Consello Superior de Deportes.

Penín e máis López optan a este logro, por un lado, grazas a superar de novo a Stirb langsam o pasado mes de febreiro, situada no Tirol austríaco. Ademais de isto, preténdeselles recoñecer tamén a apertura de Gaia (M12+, W16+, 175m), una vía para profesionais situada á esquerda de Stirb langsam.

Arrinca de novo o fútbol campo

A RFGF incia as competicións de base autonómica pero estuda suspender as tres sénior de autonómica

Polo de pronto a Real Federación Galega de Fútbol avanzou que o máis probable é que se suspenda a competición das tres categorías de Autonómica correspondente ao fútbol provincial sénior.

Segundo avanzaron, a escasa inscrición nas tres categorías foi a causa principal, ademais, moitos dos equipos amosaron desde o principio a súa intención de non competir debido ao risco sanitario, como foi o caso do Alfoz, San Ciprián, Celeiro de Mariñaos ou Pontenova, entre outros. Aínda que a decisión aínda non foi comunicada de forma oficial, todo parece indicar que se seguirá por ese camiño xa que moitos dos grupos quedarían case sen representación. A que si se celebraría sería a Preferente, que conta co cen por cento dos inscritos no Norte e unha gran maioría no Sur. Do mesmo xeito, xugarán tamén as categorías de base da competición autonómica, tamén coa totalidade dos inscritos.

Tampouco se sabe que decisión se tomará coas categorías de base do fútbol provincial.

De ser así, os equipos que renunciaron a competir non terían unha penalización en forma de descenso.

PREFERENTE. Rematou o prazo fixado pola Real Federación Galega de Fútbol para a inscrición de equipos nas categorías de fútbol Preferente, Primeira Galicia, Primeira Galega Feminina, Liga Galega Xuvenil, División Honor Cadete, Liga Galega Cadete e Liga Galega Infantil co seguinte balance de inscrición, que no total achégase ao 80% e de maneira sectorial cuns altísimos porcentaxes de Preferente, Primeira Feminina e Li-

gas Galegas de base. En Preferente a inscrición alcanza o 90%, na Primeira Feminina o 95% e nas categorías base ata o 99%.

Na categoría de Preferente son 41 os equipos inscritos dos 46 que partían na categoría. Os que faltan pertencen ao Grupo Sur, correspondente as provincias de Ourense e Pontevedra. O Grupo Norte (provincias da Coruña e Lugo) está completo cos 23 equipos anotados para xogar esta atípica tempada 20-21. O 100% dos equipos queren iniciar a competición. Da provincia de Lugo xogan Foz, Ribadeo, Santaballés, Residencia, Sarriana, Escairón e Club Lemos.

No que respecta á Primeira Galega Feminina queda claro o desexo dos equipos de retomar a práctica do fútbol, pois foron 18 dos 19 equipos os que formalizaron a súa inscrición. Todos a excepción do Tordoia. Neles está o Friol B e CD Lugo correspondente á provincia luguesa.

FÚTBOL BASE. E no referente ó fútbol base os datos falan por sí sós. Dos 149 equipos pertencentes ás categorías Liga Galega Xuvenil, División Honor Cadete, Liga Galega Cadete e Liga Galega Infantil foron 147 os que formalizaron a súa inscrición na Intranet, 99%. Únicamente dous equipos optaron por non anotarse. Ou o que é o mesmo, cinco dos sete grupos activáronse completos, con todos os equipos en competición. Só o Marcón en Galega Xuvenil e o Guardés en Galega Cadete decidiron non anotarse.

Así, na categoría xuvenil galega estarán os equipos Residencia, Viveiro e Vilalbés B, na cadete a representación é a máis numerosa co Mi-



CASTRO. O CD Castro aproveitou o novo ano para presentar a súas novas equipacións para a tempada e nas que o vermello segue a ser a cor preponderante, cambio que coincide coa celebración dos 40 anos de existencia dos equipos do CD Castro.

lagrosa, Vilalbés, Viveiro, Lugo B e Ribadeo. Na infantil estarán Viveiro, Lugo e Residencia. No que respecta á División de Honra cadete, estará o Lugo A. A única competición destas categorías en marcha son a División de Honra xuvenil e a Liga Nacional xuvenil co Vilalbés e o Lugo.

Unha vez definido o mapa de cada unha das categorías, nos vindeiros días iranse celebrando reunións telemáticas ou presenciais cos equipos inscritos en cada categoría para resolver todas as dúbidas que poidan existir referentes ao plan competitivo e a outros apartados e conseguir así unha total coordinación con todos os participantes nas distintas competicións.

REINICIO. RFGF optou por un regreso progresivo da competición, fixando un proceso de desescalada en tres grandes bloques. Todo elo co obxectivo de reducir os riscos de contaxio, garantir o cumprimento

dos protocolos e permitir unha mellor adaptación dos propios clubs e deportistas. E sempre cumprindo co compromiso de que se ían a deixar, como mínimo, entre cinco e seis semanas de pretempada para a preparación dos equipos.

Nun primeiro nivel activáronse as competicións de carácter autonómico de fútbol, fútbol sala e fútbol base.

Nun segundo bloque activáronse as demais categorías sénior, así como as provinciais e locais de xuvenís, cadetes e infantís de fútbol, mentras que na especialidade de fútbol sala quedará todo activado nesta segunda fase. Competicións estas que previsiblemente poderán comezar durante a segunda quincena do mes de febreiro, sempre que o permita a situación sanitaria.

O último nivel de activación refírese ao fútbol 8, que arrincarará a finais de febreiro, sempre que o permita a situación sanitaria.

A vilalbesa do TDM Ada Fernández participará no Nacional de tenis de mesa

Ada Clara Fernández García, do club TDM Vilalba, vén de clasificarse para o campionato de España de tenis de mesa. A deportista chairega quedou en segunda posición na categoría alevín na proba preestatal que se disputou no concello coruñés de Zas.

O campionato nacional celebrábase en Valladolid no mes de febreiro, e nel daranse cita os 48 mellores xogadores de tenis de

mesa de España por cada categoría.

Un ano máis, o TDM Vilalba seguirá centrado nas competicións ligueiras, malia que baixou moito a súa participación ao non haber escolas deportivas.

Conta con dous equipos, o TDM Concello de Vilalba que milita na Primeira División Galega e o TDM Asesoría Luis Fernández Álvarez, que compite en Segunda Galega.

José Manuel González, novo adestrador do PM Friol

O Perruquería Mixta Friol anunciou o nombramento do novo adestrador do club, noticia que chega un mes despois da destitución de Abraham García. O novo técnico é José Manuel González, que non estará só senón acompañado de Sergio Carrasco.

A incorporación do novo técnico prodúcese a falta de catro xornadas para que finalice a Liga Reto Iberdrola. Actualmente, o club galego ocupa a penúltima posición, con cinco puntos dunha vitoria e dous empates.

O obxectivo que terá González no

punto de mira será sacar ao equipo da zona baixa da clasificación. O novo técnico conta cunha gran experiencia. En fútbol masculino adestrou en todas as categorías culminando na Primeira División gibraltareña como axudante e analista.

No fútbol feminino traballou co Córdoba, La Rambla, e levou a preparación física co xuvenil en Sevilla e co sénior en Huelva. Logrou sacar do descenso a algún dos cadros que adestrou en categoría masculina, mentres que en feminina foi partícipe dun subcampeonato de Andalucía e unha permanencia.

Felipe Barata publica un novo libro sobre figuras do deporte

O *smóking de Roger Federer* é o novo libro do adestrador friolense de atletismo Felipe Barata, que xa viu a luz e que pode mercarse na librería Trama de Lugo.

De novo Barata lembra nesta libro as historias e fazañas de seres atemporais que se converten en prometeos contemporáneos, que non dubidan en desafiar ós deuses co seu infinito talento e admirable tesón. Son 50 cápsulas de vida e ilusión que cobren unha gran parte dos deportes encadrados dentro do programa dos Xogos Olímpicos, se ben tamén hai espazo para outros formatos que non están incluídos dentro do evento deportivo máis importante do mundo, como son os deportes do motor. Ou incluso competicións que por si só teñen a suficiente importancia histórica como para configurar un espazo propio. Dende deportes dunha longa tradición, como pode ser o tenis ou o remo, ata outros que están dando os seus primeiros pasos na alta competición como o BMX ou o skate, todos eles teñen o seu sitio nesta colección de sonoros éxitos imperecedeiros, aínda que tamén algún que outro destacado fracaso e que merece estar neste libro de mostra das grandes capacidades do ser humano.



O Club Atletismo Friol volveu á competición no Torneo de Reis

Comenzo desta atípica tempada atlética para os representantes do Atletismo Friol, que estiveron presentes na III Edición do Torneo Nacional de Reis disputado na cidade de Pontevedra. Despois dun parón da máis de cinco meses a causa da pandemia, esta proba serviu para ir retomando a actividade para o club friolés.

A deportista máis destacada foi María Carballido, que se facía coa terceira posición na proba dos 200 metros lisos, onde marcaba un

tempo final de 27.14 segundos, mentras que a súa compañeira de equipo, Nerea Montes, firmaba a decimoterceira posición final cun tempo de 33.30 segundos.

Tamén na proba dos 200 metros lisos, Alejandro Fernández tiña o seu debut sobre esta distancia, firmando un tempo final de 24.50 segundos. Por último, na proba dos 3.000 metros lisos, Nerea Lage finalizaba na séptima posición final cun tempo de 10.57 minutos.



O momento do intercambio de dirección

Juan Carlos Quintana deixa a dirección de arbitraje da Federación de Taekwondo

A Federación Galega de Taekwondo despídese do vilalbés Juan Carlos Quintana despois de oito anos ao fronte da dirección de arbitraje.

O lucense, no acto de cambio de director, quixo agradecer encarecidamente o apoio recibido durante estes anos tanto por parte da que fora presidenta da Federación, Mercedes Barrientos, coma polo actual presidente, Juan Carlos Eiriz.

“Sen esquecer en ningún momento a todo o equipo arbitral co que me sentín realmente arroupado desde o primeiro momento e que

en definitiva son os protagonistas destes oito anos, tampouco quero esquecerme de dúas persoas que son fundamentais na organización de calquera evento deportivo e de moito máis, Juan Carlos Cainzos o noso secretario e Félix García, técnico informático, sen eles é posible que moitos dos eventos realizados non chegasen a bo termino”, relatou.

Quintana será substituído por Rens Eduardo Rodríguez Redondo, ao que lle desexa “todo o mellor na súa nova andaina dentro da arbitraje”.

TELÉFONOS DE INTERESE

ABADÍN

Concello: 982 50 80 21
Garda Civil: 982 50 80 11
Centro de Saúde: 982 50 81 22

A PASTORIZA

Concello: 982 33 21 97 / 982 33 21 60
Garda Civil: 982 34 90 20
Centro de Saúde: 982 33 21 41

AS PONTES

Concello: 981 45 31 16
Policía Local: 981 45 31 91
Garda Civil: 981 45 00 05
Centro de Saúde (cita previa): 981 45 12 51

BEGONTE

Concello: 982 39 61 43
Garda Civil: 982 39 80 08
Centro de Saúde: 982 39 69 02

CASTRO DE REI

Concello: 982 31 40 34 / 982 31 41 32
Garda Civil: 982 31 40 02
Centros de Saúde (cita previa) 982 21 10 18
Castro de Rei: 982 31 42 11
Ribeiras de Lea: 982 31 11 14

COSPEITO

Concello: 982 52 00 01 / 982 50 40 57
Garda Civil: 982 52 00 17
Centro de Saúde (cita previa): 982 52 01 20
Feira do Monte: 982 50 34 69
Consultorio de Muimenta: 982 50 40 57

FRIOL

Concello: 982 37 50 01
Garda Civil: 982 37 50 02
Centro de Saúde: 982 37 10 98
Cita Previa 982 37 10 05

GUITIRIZ

Concello: 982 37 01 09 / 982 37 58 00
Garda Civil: 982 37 00 01
Centro de Saúde: 982 37 21 10
Parga P.A.C.: 982 37 05 00

MEIRA

Concello: 982 33 01 02
Garda Civil: 982 33 00 04
Centro de Saúde: 982 35 69 27
Cita previa: 982 33 02 40

MURAS

Concello: 982 50 00 01
Garda Civil: 982 50 00 20
Centro de Saúde: 982 50 01 23

OUTEIRO DE REI

Concello: 982 39 32 81 / 982 39 30 55
Garda Civil: 982 39 00 05
Ambulancia: 982 23 16 13
Centro de Saúde: 982 39 25 98
Cita previa: 982 39 32 67
P.A.C.: 982 39 34 00

POL

Concello: 982 34 50 29
Garda Civil: 982 33 00 04
Centro de Saúde: 982 34 59 20 / 982 34 53 76

RÁBADA

Concello: 982 39 00 62 / 982 39 00 52
Garda Civil: 982 39 00 05
Centro de Saúde: 982 39 01 01

RIORTORTO

Concello: 982 34 62 22
Garda Civil: 982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

VILALBA

Concello: 982 51 03 05 / 982 51 07 16
Policía Local: 982 51 07 67 / 608 08 00 50
Garda Civil: 982 51 03 07
Centro de Saúde (cita previa): 982 51 03 11

XERMADE

Concello: 982 50 10 01 / 982 50 20 03 / 982 50 10 27
Garda Civil: 982 50 10 08
Centro de Saúde: 982 50 11 34 / 982 50 10 55

+ Teléfonos: www.terrachaxa.com

TELÉFONOS DE INTERESE



Emerxencias: 112
Urxencias Sanitarias: 061

Incendios Forestais: 085
Garda Civil: 062



terracháxa
xornal independente da chaira www.terrachaxa.com

Para calquera suxestión,
información ou comentario
non dubide en poñerse
en contacto con nós.



Edición: PORTAS COMUNICACIÓN SL
Dirección: Diego E. García Puente
Teléfono: 673 903 924 - 982 510 335
E-mail: redaccion@terrachaxa.com
Impresión: Tameiga Publicacións SL
Dep. Legal: LU-517-03
ISSN 2660-4507



AGRO



A galiña de Mos, unha das razas autóctonas galegas

Medio Rural convoca as axudas para fomento das razas autóctonas

A Consellería do Medio Rural publicou a orde pola que se establecen as bases que regulan a concesión das axudas para o fomento das razas autóctonas galegas e se convocan para o ano 2021.

A liña de achegas ten como finalidade aumentar a rendibilidade das explotacións gandeiras galegas e modernizar o sector en materia de xenética, sanidade e produción animal.

Os beneficiarios potenciais destas axudas son todas aquelas organizacións ou asociacións de criadores das razas autóctonas galegas que estean oficialmente recoñecidas para a xestión do libro xenealóxico das razas autóctonas españolas pola comunidade autónoma galega.

As actuacións a subvencionar son a creación ou mantemento de libros xenealóxicos, incluíndo os gastos de-

rivados da súa actividade, os do local ou oficinas, a actualización, adquisición e mantemento de ordenadores e material informático, así como a contratación e gastos de persoal técnico e administrativo. Tamén serán subvencionables os gastos que se deriven do desenvolvemento do programa de mellora oficialmente recoñecido para a raza, no que se recollerán as actividades destinadas á conservación in situ da mesma, así como a creación e mantemento de bancos de xermoplasma en centros autorizados e as probas destinadas a determinar a calidade xenética ou o rendemento do gando.

O prazo para solicitar estas achegas é dun mes e deberán presentarse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

ELISARDO BARCALA



Web: www.ebarcala.com
Facebook: @ebarcala

O SLG di que o 60% dos concellos non aplica bonificacións do IBI

O Sindicato Labrego Galego vai iniciar unha campaña de denuncia na que asegura que o 60% dos concellos da provincia de Lugo seguen sen aplicar bonificacións para paliar o impacto do catastrazo nas granxas, o que xera unha situación de "inxustiza e agravio comparativo para miles de explotacións".

"En 2022 cumprírase unha década dende que o daquela ministro de Facenda, Cristóbal Montoro, decidise amañar as contas do país cunha suba de impostos ás nosas vivendas e leiras. A modificación do ano 2012 da Lei do Catastro, e as sucesivas regularizacións postas en marcha dende aquela, xunto coa revisión xeneralizada á alza do valor dos bens inmobles do Estado, supuxo unha suba enorme do IBI ingresado polos concellos. Uns ingresos que non se lles permitiu investir na protección social nin na creación de emprego, xa que ao ano seguinte aprobaríase a Lei de Racionalización e Sustentabilidade

da Administración Local, que limitaba a súa capacidade de gasto. Deste xeito, creouse de xeito artificial un superávit orzamentario da administración local para compensar ante a UE o enorme déficit do Estado e das comunidades autónomas polos baixos ingresos derivados da crise económica e da débeda do rescate bancario", explican.

"Dende aquela, a maior parte dos concellos gozan de boa saúde nas súas contas, pero non por unha mellora na súa xestión. Entre as veciñas máis afectadas por esta suba do Imposto de Bens Inmobles (IBI) están as titulares das explotacións agrarias, xa que a modificación da Lei do Catastro equiparou a valoración das construcións rústicas ás urbanas, co que as regularizacións lanzadas nesta década foron introducindo na base de datos do Catastro unha inxente cantidade de inmobles antes exentos de tributación", engaden.

O PSOE acusa á Xunta de "artimañas" na Lei contra o abandono de terras agrarias

O portavoz de Agricultura do Grupo Socialista no Parlamento, Martín Seco, critica "a nova artimaña do Goberno galego para sortear os informes xurídicos e a participación pública" dos afectados pola Lei contra o abandono de terras agrarias. A norma vén de ser presentada polo Grupo Parlamentario do PP no canto do Goberno galego, "o que permite a súa tramitación sen que conte cos informes preceptivos".

Seco lembra que o mes pasado o propio Consello da Xunta presentou un informe sobre este proxecto de Lei, como teñen anunciado cada pouco tempo dende o ano 2019. "A diferenza é que desta volta, en lugar de pasar o trámite como anteproxecto de Lei, foi presentada como proposición de Lei", explicou.

Esta manobra permítelle ao Goberno galego levar adiante o texto "evitando ter que afrontar os informes preceptivos da asesoría xurídica, do Consello Económico e Social, do Consello Agrario Galego e do Consello Forestal de Galicia, ademais do período de exposición pública para consultas dos sectores afectados".

Frío

APUNTAMENTOS VETERINARIOS



Breixo González

Hoxe imos falar de unhas pequenas consideracións con respecto ás nosas mascotas e o frío.

Moitas veces escoitamos a frase "é un can, como o vistes, se non ten frío", pois é un erro, as nosas mascotas si sofren o frío é as veces de xeito máis acusado por nos.

Primeiro, moitos dos nosos animais viven dentro de casa con calefacción o cal aumenta a sensación de choque térmico o cal aumenta os riscos derivados.

Hai varios factores a ter en conta, para empezar a idade, animais moi novos ou vellos son máis susceptibles o frío, os primeiros polo seu reducido tamaño e que fai que a relación peso/superficie é maior (a menor tamaño a superficie de pel do animal é maior) o que fai que aumente a perda de temperatura, outra é que o

gasto enerxético dos cachorros está asociado o seu crecemento e non a termorregulación polo que non so capaces de gardar ben a temperatura. No caso dos animais vellos o problema é que teñen un menor nivel de actividade e o seu ritmo metabólico é menor co cal non son capaces de xerar tanto calor.

Outro factor a ter en conta é o tamaño, como xa vimos no caso dos cachorros que a menor tamaño, mais perda de temperatura. Tamén o tipo de pelo inflúe, moitas razas de cans teñen pelo curto ese pelaxe apenas protexe do frío, eso ocorre en razas como os galgos. A procedencia do animal é tamén importante, temos que darnos conta que agora son comúns animais de razas procedentes de países tropicais (chihuahuas por exemplo) ou cans sen pelo, isto fai nos moi susceptibles ó frío.

Por iso debemos ter en conta certas consideracións:

-Se a túa mascota pasa a noite ou o día fóra de casa, fai falla proporcionarlle un lugar onde poder acubillarse e resgardarse do frío e das inclemencias meteorolóxicas.

- Saca a pasear ao teu can durante as horas de máis sol. En animais que pasen moito tempo no exterior, reforza a súa alimentación cunha maior achega de calorías e nutrientes, debido a que o seu desgaste será maior e necesitarán máis enerxía. Poila contra, se a túa mascota vive no interior do fogar, no inverno debería seguir a mesma dieta porque ao non realizar exercicio pode engordar.

- Presta atención ás súas orellas e sécaas ben sempre que se mollen, así evitarás que contraia otite ou un gastroenterite.

-En casa é aconsellable deixarlles unha manta para que se tapen se queren e unha alfombra para que non estean tombados sobre o frío chan.

-No caso de animais peludos, non lles cortes o pelo no inverno, xa que lles axuda a protexerse do frío e manter a calor corporal.

-Poida que o teu animal vólvese máis preguiceiro durante estes meses fríos, pero non debes permitir a falta de exercicio. É moi importante que os cans, sobre todo, realicen actividade física tamén no inverno.



Papá Noel visitando o colexio de Rábade



Os Reis Magos recibiron con distancia de seguridade aos nenos en Parga



Os Reis de Friol acudiron ás casas dos pequenos a levar agasallos



Alumnos do Ceip Terra Chá de Vilalba en videoconferencia coa presentadora Rocío Padín



A comitiva real visitando as casas en Xermade



Pequenos do Ceip San Salvador da Pastoriza en videoconferencia con Papá Noel



Os Reis Magos tamén estiveron en Begonte

JANSU VILALBA

DENDE 0 € - PREGUNTANOS COMO

FERRUGUERÍA
FOTODIFUSIÓN
TAIKWONDO ADULTOS - INFANTIL
DEFENSA PERSOAL
ZUMBA ADULTOS - INFANTIL
CROSS TRAINING
T & X - SUSPENSIÓN M T & S
SPINNING
INICIACIÓN RITMOS LATINOS
GIMNASIA MANTENIMENTO SUAVE
ADESTRAMENTO PARA MAIORES
ADESTRADOR PERSOAL

Domingo Goás, 16 baixo - 27800 Vilalba
Tel.: 982 510 367 - 651 577 247

COLABORACIÓN

A ver...

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Epouco máis poderemos dicir unhas horas máis tarde de recibirmos o ano novo, á vista de todo o acontecido no anterior e ante as dificultades para realizar presaxios para os vindeiros doce meses. A primeira nova que nos vemos na obriga de comentar é esa decisión do Papa argentino de prorrogar o ano santo, polo que non só haberá un Xubileo previsto para este presente dous mil vinte e un, senón tamén para o próximo vinte e

dous. Unha medida que non se tomaba desde a Guerra Civil española e que está a ser ben recibida en todos aqueles lugares por onde discorre o Camiño de Santiago, entre os que cabe destacar os municipios chairgos da variante Norte, a cal fora declarada pola UNESCO Patrimonio da Humanidade hai xa cinco anos. Sendo este percorrido máis ben minoritario á hora de ser escollido para realizar a pertinente peregrinaxe a Compostela, cómpre remarcar a importancia que para certos negocios supón a presenza dos peleríns. Bares, casas de comidas, albergues e algunha que outra iniciativa empresarial enfocada cara o Camiño levan desde mar-

zo en evidentes dificultades económicas, derivando nunha considerable merma dos postos de traballo que se xeraban e incluso, nalgúns casos, no seu peche. Sendo aínda conscientes que esta maldita pandemia aínda non dixo a súa última palabra, temos a imperiosa necesidade de amosar certo optimismo. Malo será que esta maldición dure tres centos sesenta e cinco días máis. Queremos e precisamos pensar iso. E se neste ano santo non se alcanzan os obxectivos previstos, a esperanza centraríase no vinte e dous, que aquí si, debería ser apoteósico en tódolos sentidos. Pero polo demáis, a sociedade segue nesa permanente expec-

tativa ante o que poda acontecer dunha semana para outra. A experiencia dinos que aquí non se pode cantar vitoria. Temos observado como de súpeto unha situación que semellaba favorable, modificábase radicalmente, tomando as autoridades as medidas drásticas que todos coñecemos. E aquí ninguén se libra; basta que se presuma duns datos excelentes, para que a realidade mude por completo. Queda entón cruzar os dedos e confiar o noso futuro á vacina que se empezou a distribuír desde finais de decembro. Nela queremos encomendar a derrota definitiva deste maldito coronavirus. Estamos desexando pasar páxina e deixar de escribir sobre

o tema que nos ven ocupando desde hai meses, de que os medios de comunicación abran os noticiosos, día si, día tamén, cos últimos datos de contaxiados, hospitalizados e falecidos. E por suposto, queremos ter a vida que tiñamos antes de que este coronavirus fixese acto de presenza. Polo tanto, toca ter un pouco de paciencia; si, aínda máis da que nos requiren e da que estamos a ter, sermos responsables, individual e colectivamente, e confiar en que máis cedo que tarde todo isto quede nun mal soño. De proxectos de futuro a curto e medio prazo ... a ver como vai a cousa. Día a día, semana a semana. Non podemos ir máis aló. É o que hai.

De visita en Mondoñedo

A CASA DOS MARIOS



Moncho Paz

Credo, credo, credo... Conta a lenda que esta palabra, repetida ata tres veces, foi a derradeira que pronunciou o mariscal Pardo de Cela en Mondoñedo ao ser executado na Praza da Catedral. É precisamente nese lugar onde gardo unha das miñas primeiras lembranzas fóra de Vilalba. Foi hai máis de corenta anos, sendo un raparigo. Unha tarde de primavera fomos cara a aló no Simca 1200 do Chavito para visitar a un curmán da miña avoa materna, Francisco Fanego Losada, membro da Real Academia Galega e distinguido coa Gran Cruz de Alfonso X o Sabio, ao que me presentaron coma un ilustre latinista. Eu, que non sabía moi ben que era iso, formulei as miñas preguntas de neno curioso e os meus pais explicáronme que aquel "profesor de latín e de poética" -que exercía o seu maxisterio no seminario Santa Catalina- era capaz de construír en lingua itálica perfectos hexámetros, considerados os versos da épica e dos himnos. Aquela casa chea de libros deixou-me impresionado. Tamén o seu comentario, cando afir-

mou que sería un bo xornalista, porque non deixaba de amosar o meu desexo de saber, de aprender, de coñecer cousas novas. E acertou de pleno. Ou quizais fun eu o que acertei, pois a súa reflexión roldoume na cabeza durante moito tempo, despertando unha vocación temperá que xa nunca me abandonou. Casualidades da vida, Fanego foi sempre un gran cliente da Casa dos Marios, tanto na época do ultramarinos da rúa Xardíns como despois, cando os fillos de Mario Xosé mercaron o edificio na actual rúa da Pravia aos herdeiros do indiano Crisanto Puentes. Sempre estarán na nosa memoria as entrañables imaxes das súas curtas estadías na nosa vila, que consideraba parada obrigada cando regresaba a Mondoñedo, a cidade "rica en pan, en augas e en latín", como dicía Álvaro Cunqueiro.

A segunda visita que fixemos esa tarde foi ao Santuario dos Remedios, onde exercía de párroco Ricardo Pena Domínguez, que anteriormente estivera de crego na comarca de Ortigueira, terra natal da miña nai. Vivía cunha tía, chamada Piedad. Os dous eran vellos coñecidos da nosa familia. Anos despois souben da historia de Piedad. Nada en Xove en 1905, sendo moi nova casara con Agapito García Ata-

dell, tipógrafo e activista político natural de Viveiro. Tras o seu matrimonio civil establecéronse en Madrid, onde residiron pouco tempo (de 1934 a 1936), pois el foi seriamente cuestionado desde algúns sectores republicanos polo seu labor como xefe das Milicias Populares de Investigación, un grupo especial dentro da Brigada de Investigación Criminal



da policía. Consciente de que as tropas franquistas estaban preto de Madrid e de que a cidade podía ser tomada, Atadell decidiu fuxir xunto coa súa dona e varios colaboradores. Finalmente foi detido polos sublevados e executado na prisión de Sevilla en 1937, mentres Piedad conseguiu exiliarse en Francia, onde permaneceu ata 1959. Ao seu

regreso viviu sempre ao carón do seu sobriño Ricardo; hai que recoñecer que a súa andaina vital ben podería ser merecedora de tratamento cinematográfico. Souben do desencadeamento da peripecia de Piedad Domínguez a través do noso amigo Juan Ramón Díaz García, mestre de xornalistas, outro bo cliente da Casa dos Marios e fillo do escri-

Xogadas", pola súa astucia, sentido do humor e hábil manexo da retranca.

Pensar en Mondoñedo obrígame a rematar esta crónica cunha especial referencia a Cunqueiro, un mago das letras capaz de naturalizar o increíble e normalizar o fantástico. Porque a verdadeira orixe do realismo máxico non está en Macondo, senón na diocese de Mondoñedo-Ferrol. Con Cunqueiro na Mariña Central e con Torrente Ballester na cidade departamental. Dous autores de renome para reivindicar a literatura "made in Galicia". Na meirande parte da súa obra e no exercicio da profesión xornalística, don Álvaro soubo lidar coa censura en distintos momentos. Como non podía utilizar a súa verdadeira identidade, empregaba o alcume "Álvaro de Labrada", ata que a súa sinatura foi recuperada grazas ao xornal Faro de Vigo en 1950, cando o seu daquela director, Francisco Leal Insua, lle propuxo colaborar no xornal. Cunqueiro preguntou: Con que pseudónimo vou asinar? Insua contestoulle: Con Álvaro Cunqueiro. Por esta razón, o prolífico autor de Merlín e familia instalouse en Vigo e comezou a colaborar no medio que dirixiría posteriormente, de 1965 a 1970. Pero esta anécdota xa forma parte doutro relato.

No sesenta aniversario do secuestro do “Santa María”

FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

O 22 de xaneiro de 1961, un comando do DRIL (Directorio Revolucionario Ibérico de Liberación), composto por so 24 homes, galegos e portugueses, un asturiano e un alacantino, todos eles exiliados en Venezuela, secuestraron o transatlántico Santa María, que saíu o día 21 de A Guaira venezolana cara a Miami con 612 pasaxeiros e 350 tripulantes, co fin de desvialo cara o golfo de Guinea e levantar ás colonias portuguesas africanas para derrocar as ditaduras de Franco e Salazar.

O comando tiña como xefe militar ao galego, ex comandante da armada española, Xosé Fernández Vázquez (Jorge de Soutomaior), e dous xefes políticos; Xosé Velo (Xunqueira de Ambía), por Galicia, e o capitán portugués Henrique Galvão, que exercía como responsable político da operación, por tratarse dun barco desa nacionalidade.

Cando estaba na alta mar, a unha e media da madrugada dese 22 de xaneiro, un comando de homes armados tomou a oficina da estación de radiotelegráfica, outro a sala de máquinas e un terceiro irrompeu na ponte de mando tomando por sorpresa a mariñeiros e oficiais. Nesta acción, morreu o terceiro piloto João José do Nascimento, e outros dous mariñeiros que opuxeron resistencia resultaron feridos.

Desde o primeiro momento o comandante, Jorge de Soutomaior, tomou o control da nave, desconectou a radio-telégrafo e o resto do mundo non volveu saber nada do barco ata que tiveron que deixar o morto, os feridos e un médico na illa caribeña de Santa Lucía, o día 23. A estratexia de Soutomaior era inducilos a manobrar afastándoos do rumbo verdadeiro que el pensaba seguir, por iso mandou un telegrama que ían para Miami, que era a seguinte escala, para deixar aos corenta e seis norteamericanos, pero que chegarían mais tarde porque tiñan avaria nunha caldeira. So dese xeito puido levar a cabo o primeiro acto político de piratería na mar, unha odisea heroica durante trece días polo Océano Atlántico, a pesar das mobilizacións que levaron a cabo unidades militares de EE.UU, Gran Bretaña, Holanda, España e Portugal.

Pero, o día 25 as tres da tarde atópase co mercante holandés “Vibeke Gulwa”, que logo daría as coor-



denadas de onde se atoparan, pero o comandante cambiou o rumbo do Santa María e os avións estadounidenses que intentaron localizalo non deron con el. Un grupo de senadores critica a eficacia do sistema de detección da Flota do Atlántico e o Presidente Kennedy ordena ós destrutores ancorados en Costa de Marfil, “Vagelgseang” e “Gearing”; a un cruceiro lixeiro, o destrutor “Robert L. Wilson” e o submarino atómico “Seawolf,” apostados en Porto Rico, que o bloqueen no Caribe e Bahamas, pois pensaban que irían para Cuba, onde dous anos antes triunfara a revolución socialista. Un avión contacta con eles o 26 e dilles por radiofonía que o almirante Dennison, xefe da escuadra do Atlántico, ordénalles que se dirixan a San Xoán de Porto Rico, ao que lle contesta Soutomaior que eles non reciben ordes de ninguén. Entón Salazar solicita a Kennedy que aprese o barco, pero o presidente de EE.UU. contéstalle que vai entrar en negociacións cos captores, aos que considera insurrectos e non piratas, e que en ningún momento pensou apresar a nave.

O 27 continúa navegando, acompañados pola aviación ianqui e dan a coñecer pola radio que rebautizaron o barco, colocando unha grande pancarta co nome de “Santa Liberdade”, polo que algúns católicos portugueses residentes no Brasil pediron ao Papa que fosen excomulgados. A axencia France Press anuncia que o cruceiro Canarias e o destrutor Lima navegan a toda máquina coa intención de afundilo con pasaxeiros e todo, como ordenara Salazar, mentres os avións ianquis desaparecen e os pasaxeiros séntense defraudados.

Pero o día 28 volve aparecer a flota ianqui rodeando o Santa Liberdade. O destrutor Gearing crúzase diante dos canóns desenfundados e Soutomaior enfila a proa do Santa Liberdade cara a el coa intención de partilo en dous, o que fixo desistir ao destrutor, que enfundou os ca-

nóns, colocou bandeiras de cores en sinal de amizade e por medio da radio acordan que unha delegación ianqui presidida polo segundo comandante en xefe da Flota do Atlántico, o contraalmirante Allen E. Smith jr., subiría ao paquebote coa intención de negociar. Acompañarían outros once xefes do estado maior desa flota, dous periodistas e dous civís sen identificar, que nada mais subir a bordo tiveron que escoitar, firmes e estoicamente, os himnos de Portugal e de Galicia. A intención dos militares ianquis era que se entregaran en Belem de Pará, onde tiñan unha base naval, co que o inconsciente Galvão estaba de acordo, pero non Soutomaior nin Velo, ao entender que sería meterse nunha rateira e dixeron que baixarían os tripulantes e pasaxeiros en Recife e despois afundirían o barco, si tiñan combustible e xente dabondo para levalo a alta mar, do contrario, entregarían ao Goberno brasileiro de Janio Quadros, amigo de Galvão, que acababa de tomar a presidencia.

Foi así como o día 3 de febreiro entraron no porto de Recife, onde foron recibidos como heroes por unha gran multitude de xente no peirao. Alí baixaron ordenadamente os pasaxeiros e tripulantes, depoñendo as armas as 18,30 horas e entregando o barco á mariña brasileira, ao non contar con combustible nin tripulantes dabondo para levalo e afundilo en alta mar. O Goberno de Janio Quadros considerounos insurrectos, deulles asilo político a eses revolucionarios que trouxeron en vilo ao mundo durante trece días, remataron así un episodio heroico que atuou á poderosa Flota do Atlántico do imperio norteamericano, un acto que non se conta nin se escribe na nosa historia, pero que nos enche de orgullo, debido a valentía deses 24 homes e á nobreza do fin que perseguían.

a elección de...



Adolfinha Mesa
Artista

un libro



El principito,
de Saint-Exupéry

un disco



Hotel California,
de Eagles

unha película




La vida es bella
de Roberto Benigni

un personaxe histórico



Simone de Beauvoir

un lugar para visitar



París

unha afección



Ler

unha comida



Cocido

unha bebida



Viño tinto ou branco

Consulta os eventos en:
www.terrachaxa.com

TAHONA CURRÁS

HORARIO

| | |
|--|--|
| <p>San Roque</p> <p>Lunes a viernes 8.00 a 14.30 17.00 a 21.00</p> <p>Sábados/domingo feira 08.00 a 14.30</p> <p>982 510 062</p> | <p>Novo Cazón</p> <p>Lunes a viernes 9.00 a 14.00 15.30 a 20.30</p> <p>Sábado 09.00 a 14.00</p> <p>620 417 383</p> |
|--|--|

DESCUBRINDO O PATRIMONIO



Miriam Fernández

Os castelos de Muras

Rodeado polos ríos Landro, Eume e Sor, o Concello de Muras abrangue una extensión de 163 km² marcados en boa parte pola orografía da Serra do Xistral, atesourando entre os seus límites unha importante riqueza paisaxística de verdes cumios e frondosa vexetación entre a que viven en liberdade os seus afamados cabalos de raza galega e hispano-bretoa.

Aínda así, esta localidade non só destaca polo seu patrimonio paisaxístico, xa que, repartidos polas súas oito parroquias, atopamos numerosas testemuñas da historia e arte das súas xentes dende épocas temperás, situando este Concello como referente turístico e patrimonial lucense grazas á simbiose destes dous atractivos: natureza e historia.

Partindo duns dos xacementos Paleolíticos máis antigos e relevantes de Galicia, como son o Abrigo de Vidal e o de Chan de Cruz, pasando polas medoñas das Louseiras e o Burgo, ou os castros Picheira, Paredes e Corrusco, a historia humana de Muras foi evolucionando e materializándose no territorio mediante distintas expresión (máis ou menos conservadas) nas que destacan tamén importantes igrexas, pazos, cruceiros, torres e casas fidalgas de renome espalladas pola súa ampla xeografía.

Ademais, o escudo Municipal, aprobado en 1997, contén nas súas armas a imaxe de tres torres como recordo das tres fortalezas que existiron dentro das



Unha vista da casa fortaleza de Silán e un detalle dun dos seus arcos. Abaixo, a fortaleza nun recorte antigo de prensa



súas limitacións, unhas construcións case desaparecidas pero que a súa importancia obrou o seu mantemento como emblema do Concello: A fortaleza de Muras, a de Silán e a de Goía (da que non se dispón de información).

A Fortaleza ou Casa Forte de Muras foi unha edificación fortificada datada do século XII, construída sobre as ruínas dun antigo castro no lugar coñecido como "Fraga do Castelo", na parroquia do Burgo, propiedade de varios señores entre os que destacan os Condes de Lemos e Pardo de Cela. Da fábrica orixinal non se conservan máis que parte dos cementos da estrutura e outros restos espaxados polas casas da zona e a reitoral, pero sabemos que orixinalmente constaba a lo menos cunha torre da homenaxe almenada rodeada por unha muralla

que a protexía a ela e outras estancias anexas.

A Torre de Silán está datada entre os séculos XIII e XIV, emprazada no lugar da Torre, parroquia de Santo Estevo de Silán. No seu día foi propiedade de Dona Constanza de Castro e Osorio, nobre galega señora dos Coutos de Silán e Codesido, filla do Mariscal Pardo de Cela e casada con Rui Díaz de Andrade, señor de Pantaleón das Viñas (Betanzos). Actualmente a fortaleza perdeu a súa forma primitiva e foi adaptada posteriormente coma casa de labranza, conservándose só o piso inferior da torre de planta cadrada á que se lle engadiu un anexo e se cubriu a catro augas. A fachada de acceso á antiga torre está construída mediante perpiños de maior tamaño que o dos outros dos muros e presenta unha entrada principal elevada mediante escalinata que des-

emboca unha porta con arco de medio punto. Unha cenefa decorativa de medias esferas recorre as xambas e o arco, mentres que nas dovelas podemos distinguir tallados distintos anagramas. Na casa reitoral (lindeira) consérvase un escudo que no seu día presidiría a torre, no cal se identifican varios blasóns familiares: Castro (roeles), Alfeirán (cervo), Andrade (banda con dragantes) e Faxardo (aguións de Ortegá). O aleiro está engalanado co que parecen semiesferas ou "casulos" florais, e a ventá, enmarcada cunha cenefa decorativa vexetal, remata na parte superior cun lintel no que se tallou un arco conopial. Aínda que moi modificados, a memoria destes edificios segue enraizada na historia do Concello, sumándose como parte dos recursos desta fermosa terra que se abre á Chaira e á provincia dende o alto do Xistral.



A Casa Forte foi unha edificación fortificada datada do século XII e situada na Fraga de Castelo



CAP

TODOS LOS MESES

Formación Bonificada

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos

- Curso Fitosanitarios
- Curso Bienestar Animal
- Cursos sector eólico, sector telecomunicaciones
- Curso sector Maderista



Cursos y Certificados



formación integral de empresas

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo
alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es
Telf.: 982 51 36 05